Nº 172 • 10 €
Xaneiro-Xuño 2015

# Terra e Tempo

Revista galega de pensamento nacionalista



## en pé
## A Nación
## galega

50 anos da fundación da Unión do Povo Galego



# **Noia**, vila medieval ateigada de encantos





**Torques de Riotorto**
Croa de San Pedro de Riotorto
Ss. III-I a. C.

**Torques de Burela**
Chao do Castro, Burela
Ss. III-I a. C.

# Patrimonio da nación galega

**Pulseira de Urdiñeira**
Parada da Serra, A Gudiña
Ca 1600-1400 a. C.

**Arracada de Bretoña**
Castro de Bretoña, A Pastoriza
Ss. III-I a. C.

**Carneiro alado**

**Torques de Viladonga I**
Castro de Viladonga, Castro de Rei
Ss. III-I a. C.

A colección de ouriveria castrexa máis importante de Galiza está xa de volta no Museo de Lugo.

Visita parte da túa historia!

A área de Cultura da Deputación ven de recuperar a importante colección de ouriveria castrexa de Álvaro Gil, que estaba en mans privadas, para que pase a ser patrimonio de todos os cidadáns e cidadás da provincia de Lugo.

Pezas como o Torques de Burela, o Carneiro Alado, as Arracadas de Masma e de Burela ou os Torques de Viveiro, a Valiña, Recadieira, Marzán ou Riotorto representan unha parte fundamental da nosa historia como pobo e son agora un ben público do que poderán disfrutar as vindeiras xeracións de lucenses.

Toda a cidadanía pode xa gozar de novo deste tesouro na Sala 8 do Museo Provincial de Lugo.

**HORARIO**

Luns a venres: de 9:00 a 21:00 h.
Sábados: de 10:30 a 14:00 e de 16:30 a 20:00 h.
Domingos e festivos: de 11:00 a 14:00 h.
Pechado os días 1 e 6 de xaneiro, martes de Entroido, 22 de maio, e 24, 25 e 31 de decembro
www.museolugo.org

DEPUTACIÓN DE LUGO
Cultura e Turismo
REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO
MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

Nº 172
Xaneiro-Xuño 2015

# Terra e Tempo

Revista galega de pensamento nacionalista



Terra e Tempo
Publicación impresa editada desde 1965

ISSN 1575-5509
Depósito Legal C 1361-1995

*Edita*
Fundación Bautista Álvarez
de Estudos Nacionalistas

Clasificada de Interese Cultural pola Xunta de Galiza (DOG 19/10/2004) e inscrita no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego co número 2004/20.
Código de Identificación Fiscal (CIF): G15947450



*Padroado da Fundación*
Bautista Álvarez (Presidente)
María Pilar García Negro (Secretaria)
Roberto Vilameá Ponte (Tesoureiro)
Néstor Rego Candamil
Carlos Manuel Callón Torres
Xosé Manuel Casal Sabín
Rubén Cela Díaz
Xoán Xosé Costa Casas
Marta Da Costa Alonso
María do Carme García Negro
Xoán Carlos Garrido Couceiro
Xosé Carlos Solla Lago



*Redacción, publicidade e subscricións*
Avenida de Lugo, 219, 1.º
15703 - Compostela - Galiza
Teléfono 981 57 02 65
info@bautistaalvarez.gal
www.bautistaalvarez.gal



*Deseño para a portada*
Pepe Barro

*Texto de contraportada*
Lois Diéguez

*Cadro de contraportada*
Xoán Guerreiro

*Corrección lingüística*
Robert Neal Baxter

*Deseño da cabeceira*
Xosé Lois Vázquez

*Deseño do interior*
Diego Núñez

*Feche de edición*
31 de marzo de 2015

*Imprime*
Tórculo

*Tiraxe deste número*
1000 exemplares

*Impreso na Galiza*

MIXTO
Papel procedente de fontes responsables
FSC® C103817



© Fundación Bautista Álvarez de Estudos Nacionalistas
Permítese a reprodución citando a fonte



Fundación
Bautista Álvarez
de Estudos Nacionalistas

## Carta do Presidente

# As mareas roxas

Hai anos que un amigo meu, bastante familiarizado coas operacións bursátiles, tiña en mente montar unha empresa que lle prometía grandes lucros. Mercar mareas cando estaban baixas e vendelas cando estaban altas. Era un negocio no que Galiza podía ser punteira, dada a alternancia que forman as augas mariñas ao entrar nas rías. Como xa fai tempo que morreu, non sei se lles deixaría aos herdeiros suficiente acopio delas, pois agora están en alza e hai moita demanda no mercado. Inclusive nas cidades do interior queren as súas. Ourense, a máis de cen quilómetros da costa, empezou a sementalas no encoro de Castrelo, pois a preamar, coñecida no Brasil como macareo, non remonta no río Miño a mesma distancia ca no Amazonas. Claro que en terra adentro son coñecidas con outro nome. Igual que cando chegaron as gaivotas a remexer nas augas podres do Barbaña, que lle chamaron parrulos. E as primeiras patacas, que como viñan polo mar tamén lles puxeron o nome de mariñas. Así era como as coñecía a miña avoa. Esta irrupción no mercado das mareas ten a súa explicación. A segunda guerra mundial revalorizou o volframio, un metal que antes tiña pouco aprezo. As mareas comezaron a cotizarse cando asomaron polo horizonte as próximas eleccións municipais, e lle entrou o verme da política aos que pasaban dela.

Preguntarémonos por que un fenómeno relacionado coa política se disfraza con nomes que teñen máis que ver coa xeografía. Púxose de moda. Como a revolución implica esforzos e renuncias, e algunhas veces martirio, os revolucionarios actuais conténtanse agora con romper os moldes



do falar e do vestir. Hai medio século, moitos revolucionarios saíron das facultades coa guerreira do Che Guevara, e non tardaron en cambiala pola gravata de executivos. Eu levábaa incluso cando participei na redacción dos dez puntos da UPG, igual ca os outros fundadores. Os que xa non temos canas que peitear vennos á memoria o Bendit do 68 vendo a mesa do polideportivo de Vistalegre, con moitas uvas agraces, pero verdes aínda para a próxima vendima. Que Deus non o queira e vaiamos picar no cebo do maio francés. Iso si, é de gabar a posta en escena, xa que ningunha das interpretacións de Marlon Brando foi capaz de supérala. Eses silencios prolongados que suspenden o alento do auditorio. Os meus parabéns aos asistentes, por disfrutaren dun espectáculo que non se repetía desde que Sir Laurence Olivier abandonou os escenarios. Entramos noutros tempos. O ideario pouco importa agora, sempre que conte con histrións que o saiban difundir. O orador político cambiou a tribuna pola proscenio, para estar máis próximo ao público como na obra de Pirandello. Nunca pensei eu que o teatro do absurdo, que naceu cando a miña xeración xa se afeitaba, fose entrar algún día no parlamento, no que xa se tiña representado algunha ópera bufa. Antes as Cámaras gañaban prestixio pola labia dos oradores políticos. Agora cotízanse polos bos actores, os únicos que coas súas pallasadas captan a atención da prensa.

Sigamos coas mareas. Antes as organizacións políticas coñecíanse polos seus acrónimos, que nos aforraban o atranco de confundilas, pois en case todas se repetían os mesmos conceptos. Democracia, pobo, socialismo, unión, progreso. O electorado escollía siglas, sen coñecer moitas veces o significado delas. Se o votante soubese o significado do segundo «p» do PP levaría un desengano. Pode ser o P dos poderosos ou dos que os representan. Os partidos que acaban de nacer, que non teñen historia nin foron curtidos en batallas, escollen nomes que o seu acrónimo deixaría reducidos a simples letras do abecedario. A, P, M. Procurei informarme polo portavoz dalgún colectivo, que algunha vez asoma nas pantallas de televisión. Outra modalidade de participación política. Os colectivos son a mellor interpretación do individualismo. Hai xentes que teñen vocación de tales. Coñezo algún que naceu con cinco afiliados, pasou a catro, e actualmente quedouse en dous, mínimo imprescindíbel para que deixe de selo e se converta en entelequia. Non houbo maneira de aclorarme. Na miña aldea, cando a un neno lle tardaba en vir a fala ofrecíano a Santa Rita. Non estaría de máis que o compañeiro levase ao seu representante a algún santuario que lle cure a falta de expresión.

Baixei á mesma fonte dalgunha das mareas. A que se erixe en representante do 99% da sociedade. Supoño que nela me incluirían a min, xa que non quero parecer excéntrico. Os mesmos tópicos de sempre. Só vaguidades. Crise, desemprego, emigración. Pluralismo e apertura, de tal maneira que no proxecto caiban todos. Concordando nos obxectivos, gustaríame coñecer os medios para conseguilos. Non o din, pero polos asinantes deduzo que a alternativa serve tanto para patróns como para obreiros. Vou determe

nun aspecto que é o que máis me importa. Esta marea quere que a súa cidade (son todos urbanitas) «se sinta orgullosa da lingua e da cultura galegas». Tomaduras de pelo non. Que se inclúa este obxectivo nun manifesto redactado integramente en español resulta ofensivo paran os lectores galegos aos que vai dirixido. Máis aínda, que os seus asinantes, sen excepción, poñan a profesión en idioma castelán amosa o cariño que senten pola cultura do país. Se o noso idioma temos que confíalo a estes paladíns, as xeracións presentes van poder presenciar a súa defunción. ¿A que mentira nos pretenden conducir os que empezan mentindo?

Xa que falamos de profesións, vou entrecoller algunhas. O dicionario interpreta como profesión «o emprego ou cargo habitual polo que se cobra un salario». Entre os promotores atopei en terceiro lugar unha poeta. Supoño que será a representante da clase obreira, xa que albaneis non hai, e tampouco mariñeiros, cousa estraña tratándose dunha marea. Envexa para Virxilio, que tras fracasar como avogado en Roma regresou á granxa que posuía perto de Mantua, porque nin a *Eneida* nin as *Bucólicas* lle daban para comer. Parece que agora pode un vivir da inspiración. Supoño que será unha poeta de verso libre, que é o que mellor se lle dá ás plumas díscolas. A rima representa un freo para liberdade de creación. Desde os dáctilos de Homero até a versión que deles fixo modernamente Rubén Darío, substituíndo as sílabas largas polas tónicas e as breves polas átonas (*Ya suenan los claros clarines*), o verso de lei sempre estivo sometido á disciplina métrica. Sigamos coas profesións. Para deleite do lector vou recoller algunhas. Emprendedor, arquitecto sen papeis, actriz na corda frouxa, activista antitaurino. ¿Qué pretenden, captarnos ou facernos rir? Unha das que agora están de moda é a de perruqueira canina. ¿En que idioma lle falará aos chuchos esta *peluquera* mentres os está peiteando? ¡A que extremos de degradación chegou a sociedade burguesa, que substituíu por cans os *churumbeles*, palabra que o calé logrou introducir no romance!

Á conclusión que chego é a aconsellar que os que teñan mareas que se desprendan delas. Despois de maio vailles pasar como ás participacións preferentes. Con éxito ou sen el nas eleccións, a súa cotización vai caer en picado. Os que resulten elixidos, se algún o logra, xa non precisan dunha asistenta que lles faga a cama. Os que queden fóra, de momento esqueceranse da inxustiza e desigualdade, do emprego e da pobreza; seguirán falando en español, como bons amantes do imperio, e levando cada mes o can á perruquería canina. Volverán subirse á marea cando se anuncie a convocatoria dunhas eleccións para a xunta de veciños do edificio no que residen. A estes preocúpalles o que sai das urnas e non o que se mete dentro delas. Pouco se pode agardar dos que prometen rescatarnos utilizando os métodos e mentalidade dos que nos fixeron cativos. Dos que van promocionar a nosa cultura falando no idioma alleo. Os que verdadeiramente queiran loitar polo país o seu lugar non está nas mareas altas nin nas baixas. En todo caso nas mareas roxas.

**Bautista Álvarez**

# Sumario


8 **M.ª Antonia Pérez Rodríguez**
**Roberto Vilameá Ponte**
Cinco decenios que comezan cada día

12 **Bautista Álvarez**
Discurso no acto inaugural da exposición «A Nación galega en pé» no Pazo de Fonseca da USC o 2 de decembro de 2014

20 **Emilio López Pérez**
Achegamento á historia recente do movemento agrario galego

24 **Manuel Mera Sánchez**
A UPG, forza dinamizadora do sindicalismo de clase e nacionalista

30 **María do Carme García Negro**
A UPG e a loita das mulleres

34 **Manuel Soto Castiñeira**
En defensa da terra

40 **María Pilar García Negro**
Uso consciente, sistemático e premeditado da lingua galega

44 **Uxío-Breogán Diéguez Cequiel**
'Moncho' Reboiras, o activista sen tregua (1950-1975)

48 **Alfredo Suárez Canal**
A Transición

52 **Francisco Rodríguez Sánchez**
15 anos, 1985-2000

58 **Néstor Rego Candamil**
Acumular forzas para a soberanía

**A NACIÓN GALEGA EN PÉ.**
**50 ANOS DA FUNDACIÓN DA UNIÓN DO POVO GALEGO**

Relación de documentos dos paneis

64 ***Prendeuse unha estrela na noite***

66 ***Adiantarse aos novos tempos***

68 ***A Galiza obreira e labrega esperta***

70 ***Ser internacionalistas***

70 ***A loita das mulleres***

72 ***En defensa do noso ecosistema***

74 ***Un uso consciente da lingua galega***

76 ***Reboiras: Semente de vencer!***

76 ***A fraude da transición española***

78 ***25 de Xullo: Día da Patria Galega***

78 ***Unha frente ampla nacionalista***

Relación de documentos dos expositores

80 ***Primeiros documentos editados pola UPG***

82 ***Edicións Terra e Tempo e primeiras editoriais***

84 ***Algúns dos primeiros voceiros sindicais e dos sindicatos de rama***

86 ***Primeiras publicacións periódicas das organizacións nacionalistas***

88 ***Propaganda das organizacións nacionalistas***

90 ***A preocupación pola cultura e a lingua***

92 ***Implicación social e electoral do nacionalismo galego***

94 ***Posicións políticas estratéxicas***

Relación doutros documentos da exposición

96 **Outros materiais expostos**

96 **Audiovisuais proxectados**

96 **Videoclip «A Nación galega en pé»**

# A Nación galega en pé

## 50 anos da fundación
## da Unión do Povo Galego

## Presentación

# Cinco decenios que comezan cada novo día

Unha exposición que aspira a ofrecer un percorrido reflexivo polas principais liñas de actuación do nacionalismo galego debe formular cal debe ser o mellor xeito de acadar esa meta. Por este motivo, orientouse a recepción de *A Nación galega en pé. 50 anos da fundación da Unión do Povo Galego,* tanto cara aos visitantes en xeral como a aqueles outros coñecedores dos códigos para ler os textos icónicos, audiovisuais e escritos amosados nesta mostra. Tívose en conta que un grande número dos seus receptores serían, por unha banda, persoas que foron testemuño ou participaron nos feitos que agora recordaban e recreaban, grazas aos documentos ensinados. Por outra banda, valorouse que outras persoas só os coñecerían por transmisión oral, polos medios de comunicación de masas ou por estudos de distintos investigadores.

Desde mesmo os inicios de formular o programa discursivo-expositivo, decidiuse que a exposición debía establecer co público unha comunicación racional que permitise ao espectador tirar as súas propias conclusións, formar un xuízo crítico e relacionar e estabelecer paralelismo co que aconteceu *a posteriori* e está a acontecer. Para logralo, tratouse de espertar no público a reflexión sobre canto ollou e puido ler —ou escoitar— nos textos que se exhibían nos paneis e expositores. E de aí que os documentos que a integran acugulen información cunha carga semántica que deixa claro o protagonismo do povo galego e dos militantes e simpatizantes da UPG na loita a prol da defensa dos intereses da Galiza, así como que ese combate xa empezou en 1964 e que abrangueu todos os ámbitos nos cales as forzas capitalistas atacaban os dereitos e a dignidade das nosas mulleres e homes.


© Xaquín Soliño

Na exposición procúrase amosar, mediante a obxectividade dos documentos, as ideas politicosociais e as actuacións da UPG durante os últimos cincuenta anos; como sempre tivo presente as necesidades e problemas da nosa nación, e foi quen de impulsar e organizar as enerxías e ilusións das súas xentes na loita contra a inxustiza social.

Sen dúbida, o seu grande protagonista son os milleiros de mulleres e de homes anónimos que aparecen nas fotografías ou cuxos nomes figuran nalgúns dos documentos que a conforman. Tamén o son os membros e simpatizantes dese partido político que soubo facer ver ao povo galego os seus dereitos, potenciar e encarreirar o seu pulo, e interpretar e dar corpo ás súas reivindicacións. Por este motivo, na exposición sinálase como esa organización deseñou e utilizou estratexias e métodos concienciudamente estudados; como tiña claro que os obxectivos a bater eran os donos do capital, en tanto estes son quen establecen as pautas aos seus representantes nas instancias 'democráticas' de poder.

*A Nación galega en pé. 50 anos da fundación da Unión do Povo Galego*, céntrase tamén en revelar que a (denominémola) 'axenda política' da Galiza, xa desde finais da década dos sesenta, estivo marcada polas actuacións dese recén creado partido, e en subliñar como estas incidiron en que, na práctica, se fixesen efectivas reivindicacións que os partidos no goberno central e o autonómico non atenderían sen a intervención do nacionalismo. Céntrase en plasmar como, grazas ao traballo desenvolvido pola UPG, Galiza experimentou un renacer da confianza nas súas capacidades económicas, sociais e culturais, e en como foi logrando que o noso povo tomase consciencia de que posúe igual potencialidade e folgos que calquera outra nación.

Cabe engadir que a exposición non foi formulada para aguilloar a autocompracencia, nin para producir a catarse, e si para incitar a recapacitar o espectador sobre a falsidade de interpretacións ou de informacións interesadamente difundidas sobre posicionamentos e comportamentos da UPG. Para acreditar que esta apostou por un desenvolvemento económico sustentábel, por un nacionalismo marxista inserto na máis absoluta contemporaneidade e, no ámbito internacional, que nunca practicou unha política isolacionista e estivo a carón dos grupos sociais e povos oprimidos.

*A Nación galega en pé* empeza coas fotografías das persoas que fundaron a Unión do Povo Galego o 25 de xullo de 1964. Entre elas hai unha muller, un feito que semella adiantar que é o primeiro partido que dentro do Estado español tivo unha muller como secretaria xeral. Comeza ensinando o documento que patentiza o interese da UPG en establecer vínculos co nacionalismo instalado en Bos Aires; como, xa en 1965 denunciou a conivencia da igrexa católica co franquismo e se enfrontou cunha grande empresa cando encarreirou as súas forzas para tratar de frear a construción do encoro de Castrelo de Miño e acadar un trato xusto para os labregos que lles asolagaban as terras.

A exposición continúa visibilizando o decidido apoio da UPG ao xurdimento e implantación dun sindicato nacionalista de clase, a súa axuda



© Xaquín Soliño

incondicional ás reivindicacións dos obreiros das distintas factorías instaladas na nosa nación e ás dos agricultores, gandeiros e mariñeiros. Tamén as protestas en contra das cotas impostas pola CEE para varios sectores relevantes dentro do noso tecido económico e as repetidas e fortes reclamacións en defensa dun ensino de calidade e impartido na nosa lingua. Todas foron apostas que supuxeron o encadeamento e tortura de moitos dos seus militantes e o asasinato, a causa dos disparos polas costas realizados pola policía franquista dun deles, de Moncho Reboiras, un axente chave dentro da expansión do sindicalismo nacionalista de clase.

A mostra deixa constancia do afán da UPG por recuperar e fomentar a nosa alta cultura e a popular en todas as súas expresións, e como soubo ver, alén do seu valor identitario, o rendemento económico que producen as expresións e manifestacións culturais. Continúa destapando as valentes campañas que lanzou en defensa do ecosistema xa a mediados dos anos setenta, como estas incluían propostas de explotación sustentábel do noso ámbito natural, e evidenciando a súa colaboración para que se formase o primeiro movemento ecoloxista galego, algo que leva a entender a súa decisiva contribución para a formación da plataforma *Nunca Máis* en 2002.

*A Nación galega en pé* esténdese explicitando as reivindicacións da UPG a prol dos dereitos das mulleres e o seu inequívoco esforzo exixindo o uso normalizado da nosa lingua en todas as esferas sociais e a súa dignificación, así como por dotar a Galiza de editoriais e de medios de comunicación propios. E remata cos documentos de traballo que recollen as conclusión ás cales chega á raíz da caída do muro de Berlín e da sinatura do Tratado de Lisboa. Son textos que reflicten o resultado de números debates internos das décadas dos noventa e de comezos do século XXI. Neles o espectador pode constatar que esa organización política efectúa unha análise inserida de realismo combativo, advirte da perversidade do neoliberalismo e como non dubida en ponderar que detrás do termo *globalización* se agocha unha das fases do capitalismo: o imperialismo.

Na montaxe da exposición, partiuse das teses xa defendidas na URSS entre 1918-1928 polas frontes artísticas e literarias (logo pola escola marxista de Praga), de que forma e contido son un todo inseparábel, que disocialos é unha artificiosidade que repercute severamente na comprensión das mensaxes. Que cómpre ler calquera elemento de cultura como unha fusión e non esquecer que a mente procesa as linguaxes no seu conxunto. En consecuencia, a asunción dese principio implicou que se traballase conxuntamente no deseño expositivo-discursivo e na busca e selección dos documentos a expor e se procurase unha comunicación e unha posta en común dos labores da equipa de traballo que fose sopesada, fluída e racional.

Convén recalcar que os compoñentes físicos da montaxe son os xustos, e que se buscou non disimular nin ocultar ningún dos elementos, medios e materiais precisos para exhibir os documentos; que se estudou a forma, o tamaño, a colocación e o efecto que producen cara ao visitante o cromatismo das fotos e dos diferentes textos, e que isto se executou tendo en conta a interacción que estabelecen co marco visual en que se integran.


© Xaquín Soliño

A decisión de incluír dentro dos paneis catro pantallas en que se poden ver dezasete audiovisuais cunha duración media de setenta segundos, a de adiantar doce centímetros cara ao espectador certos cartaces ou erguer dez centímetros algúns documentos, obedece a considerar necesario rachar a visión lineal á cal está acostumado o receptor e sorprendelo. Engadimos que se estimou que a interactividade por parte do visitante non consiste en accionar aparellos que lle proporcionen información 'mascada' ou *divertimento* por *divertimento*, mais si en que a súa mente sexa capaz de activarse para pensar de xeito relacional e extraer conclusións.

Resaltamos que todo o anterior se levou a cabo porque se considerou que constitúe un modo de contribuír a relegar a comunicación empática, a que a emotividade permaneza en segundo plano e a que o destinatario reconstrúa a 'realidade' con afastamento, tras procesar os dados e a información que se lle ofrece.

Vitrinas/*palets* no chan, paneis verticais en dous corpos separados por un oco que formaba un espazo neutro e pantallas de televisión son os soportes de fotos, audiovisuais, libros, revistas, folletos, catálogos, panfletos, documentos internos diversos, actas, cartaces... Neste punto aclaramos que as vitrinas/*palets* de madeira que contiñan parte da información son recicladas, e antes xa foran usadas por estibadores dun porto galego para transportar diferentes tipos de mercadorías. Subliñámolo porque constitúe un expoñente de como, coa plasmación do proxecto discursivo-expositivo, se entroncou coas liñas de pensamento e de actuación da Unión do Povo Galego, neste caso, as consistentes en loitar pola salvagarda no noso ambiente.

*A Nación galega en pe. 50 anos da fundación da Unión do Povo Galego* tamén conta cun audiovisual de catro minutos que segue a poética dos videoclips. As súas imaxes son fotos, cartaces e adhesivos que, ao ritmo de jazz, se proxectan sobre unha grande bandeira galega na cal, ao seu remate, aparece no centro a estrela vermella de cinco puntas.

A exposición, na altura de redactar este texto, xa se amosou con moi boa recepción no Pazo de Fonseca da Universidade de Santiago de Compostela e máis no Museo Provincial de Lugo. Continuará a súa itinerancia por outras cidades e vilas e desexamos que permaneza no imaxinario de todas as persoas que saiban ollar como a Unión do Povo Galego formula o futuro con fondas raíces nun pasado que impregna o seu horizonte de expectativas.

**M.ª Antonia Pérez Rodríguez**
**Roberto Vilameá Ponte**



**BAUTISTA ÁLVAREZ**

▶ Inauguración da exposición «A Nación galega en pé» no Pazo de Fonseca da Universidade de Santiago de Compostela: María Pilar García Negro, Alberto Salgado, Vicerreitor de Internacionalización da USC; Bautista Álvarez; Néstor Rego e M.ª Antonia Pérez.

# Discurso no acto inaugural da exposición «A Nación galega en pé» no Pazo de Fonseca da USC o 2 de decembro de 2014

Queridos amigos e compañeiros:

**Para iniciar a miña intervención neste acto vou tomar unha frase que resulta clásica na literatura política. Ten pasado por tantas bocas e tantas plumas, que ignoramos o autor orixinal da mesma. Parece ser, a opinión de expertos máis cualificados, que procede da oratoria castrense, cando os xenerais arengaban as tropas animándoas a sacar o peito fronte á espada inimiga. Para iso están os altos mandos militares. Para lucir estrelas e non para bater o coiro. Retroceder —di o aforismo— nin para tomar impulso.**

Vou explicar o motivo de por que o tomei como lema do meu discurso, se así se lle pode chamar ás palabras que traio escritas. As celebracións conmemorativas corren o risco de retrotraer á historia o que é presente, e que lle queda aínda todo o futuro que Galiza precisa para conquistar a súa liberdade. É certo que a UPG ten historia.

É verdade que durante cinco décadas outras alternativas naceron e morreron, tomando o noso país como ensaio de experiencias políticas. Tardaron en chegar, agardando que a Ditadura morrese, e desapareceron en canto a patria lles demorou o salario que agardaban cobrar por servila. Díxeno na adicatoria dunha obra narrativa da miña autoría. Levaban Galiza nos beizos, pero non lograron ou non quixeron introducila no corazón. Máis explícita ca miña interpretación é a actualidade subministrada a cotío polos xornais. Non sei o que opinaredes vós, pero eu sinto pena daqueles a quen os augures tiñan prognosticado como adais, e finalmente remataron en pallasos de circo. ¡Que desgraza a dos que por non saber retirarse a tempo corren o risco de morrer vilipendiados!



© Raúl Río Díaz

O feito de participar na fundación deste partido, ademais de darme protagonismo neste acto, concédeme o privilexio de interpretar os principios que inspiraron a súa orixe. Dous fundamentais: nacionalismo e democracia. Dereito de autodeterminación e poder do pobo. Do pobo e non das elites. Do pobo que brotou da aldea, do que remou no mar e do que por un salario entregou a forza de traballo á burguesía intermediaria. Se Galiza aínda existe como nación, cunha cultura e un idioma diferente, é polas clases que mantiveron viva a súa identidade durante séculos de opresión colonial. Quen foron vangarda na resistencia deben ser os protagonistas na loita pola liberación. Os revolucionarios cubanos tiveron que pasar por Sierra Maestra antes de entrar na Habana. Que ningún pense conquistar palacios sen baixar ás cabanas para concienciar e darlle aos seus moradores unha bandeira pola que combater. Non apliquemos aquí fórmulas exitosas en contextos sociais diferentes. É perigoso pretender curar as doenzas propias con terapias que deron resultado noutros enfermos. Apliquemos as nosas receitas e non os bálsamos dos curandeiros que veñen de fóra.

Aos principios que elaboramos en 1964 os fundadores da UPG non lles puxemos data de caducidade. Cumpría fixar obxectivos, sen necesidade de marcar etapas para logralos. Tiñamos claro, iso si, que a liberación de clase tiña que pasar pola da nación e non á inversa. Xa que logo, resulta unha falacia a interpretación á que se adhire certa esquerda autóctona aínda hoxe, que fai depender a emancipación nacional da que en terminoloxía extrema se coñece como revolución proletaria; ou, para os máis timoratos, revolución democrática. Esa que agora

**«Se Galiza aínda existe como nación, cunha cultura e un idioma diferente, é polas clases que mantiveron viva a súa identidade durante séculos de opresión colonial»**




© Arquivo Histórico Provincial de Ourense



© Foto Chao de Ribadavia / Enrique Rodríguez Padrón

Portada do convite para o xantar-homenaxe de despedida a Celso Emilio Ferreiro, membro cofundador da UPG, tributado en 1966 en Ourense previo á marcha a Venezuela. O acto transformaríase nunha denuncia pola construción do encoro en Castrelo de Miño, na fotografía da dereita, antes (1968) e despois (2010) de asolagar o val.

▸ Primeira páxina da acta da xunta do Consello de Galiza en Bos Aires na que asiste como convidado Méndez Ferrín en representación da UPG. Na mesma infórmase das actividades máis salientábeis do partido desde a súa constitución, analízase a actuación doutras forzas políticas e, finalmente, acórdase que Ferrín sexa o delegado para o interior do Consello.

escribiron no seu catecismo certos nacionalistas reconvertidos. Ademais de contradicir os principios do discurso científico, esta teoría choca coa experiencia histórica. Resumindo, que en Galiza non pode existir unha esquerda que non sexa nacionalista, como tampouco que haxa aquí un nacionalismo que obxectivamente non sexa de esquerda. En canto atenta contra o puntal fundamental no que se apoia o imperialismo e o sistema está minando os principios defendidos pola dereita. Inclusive naqueles procesos de liberación nos que participa unha burguesía non oligárquica. Non é por aquí por onde nos imos distinguir de Mas. De aí que a pretensión de buscar adxectivos para lexitimar o nacionalismo se derive da pouca convicción nos principios que este defende. A experiencia dinos que nos procesos seguidos polo noso movemento en tempos recentes que os secesionistas non tardaron en desprenderse do substantivo e quedarse co adxectivo. Para os bos entendedores afonda coas metáforas.

Volverei ao aforismo que tomei para iniciar a miña intervención. As conmemoracións deben servir, non para descansar, e moito menos para retroceder, senón para redobrar esforzos e tomar novos impulsos. Non coido que faga unha interpretación errónea se afirmo que ningún dos compañeiros que participaron na fundación do partido pensase no final inmediato da loita emprendida. Cinco séculos de colonización pesan moito para conseguir suprimilos no ciclo vital dunha xeración. Despois de creada a UPG, cando facíamos proselitismo entre os círculos galeguistas, nos que había que entrar con obra impresa debaixo do brazo, algúns deles contestaban que o problema político de Galiza resolveríase coa morte do Ditador. Fieis seguidores do proverbio árabe, sentaron na porta da casa vendo por televisión a entrada do cadaleito de Franco na Basílica dos Caídos. Estes paiolos seguen aínda agardando a que a solución chegue desde Madrid, Meca á que pretenden peregrinar collidos do brazo dos partidos españois que escolleron como padriños. Lémbrome da teoría do PC francés, que adoutrinaba os correlixionarios alxerianos co dogma de que a modernización do seu país pasaba pola dependencia de Francia. Modernidade, outro mito do neoliberalismo, nome co que agora se coñece o capitalismo.

© Parlamento de Galiza



209

Acta nº 61 Na cidade de Buenos Aires aos nove dias do mes de Se-
tembro do ano mil novecentos sesenta e oito ten lugar unha xun-
tanza especial do Consello de Galiza, na sé social do Centro Ponte-
vedrés, rúa Sarandí 8 achándose presentes os seguintes con-
selleiros: Antón Alonso Ríos, Manuel Martínez Lamela, Lo-
is Fuentes, Segundo Rampillón, Lois Greve, Moisés Da
Presa, Bieito Cupeiro, Daniel Calzado, Uxío García, Manuel
Ferreira e Ricardo Flores. Asistindo tamén Xosé Lois Méndez
Ferrín, quen veu da Terra para tomar parte como mantendor no
desenrolo dos Xogos Florais, sendo ele o motivo desta xuntanza á
que foi invitado para escoitar o seu informe dos aconteceres patrió-
ticos galegos nos intres actuais.

Dase comezo á xuntanza sendo as 19.30 horas, procedendo
o señor Antón Alonso Ríos a darlle a benvinda ao señor Xo-
sé Lois Méndez Ferrín, e manifestando a ledicia do Consello
de Galiza de se atopar con un enxebre representante da Galiza
nova, comprometida na loita para reconquerir os destinos
da Patria. Engade que os galegos comprometidos na tarefa
do Consello de Galiza non choramos á louxania da Patria;
pois a nosa saudade é optimista, porque levamos a Terra
apegada na valma e estamos seguros do porvir do noso pa-
ís, ao que lle debemos o ser e unha cultura, e ao que
nos sentimos obrigados. Por iso o Consello de Galiza sente a
mágoa de que nos concertos dos povos europeus non estivera
presente a voz da Galiza auténtica; pois non consideramos
dabondo a presenza dunha representación da Galiza emi-
grada, e coidamos indispensábel a presenza dunha represen-
tación do interior, do mesmo xeito que sentimos a necesi-
dade que na Terra se integre unha representación do Con-
sello de Galiza, na que se atopen representadas todas as
forzas que non se opoñan aos nosos anceios de liberdade e
de recuperación da nosa personalidade nacional.

O señor Martínez Lamela fai referencia ás xuntanzas inter-
nacionais vencelladas cos problemas de Galiza e demais po-




© Unión do Povo Galego




© Mel Villalbí

Inmediatamente despois do trunfo da revolución do 25 de abril de 1974 en Portugal, varios membros da UPG realizaron pintadas e murais reivindicativos da outra banda do Miño.

Adhesivo editado en Cataluña onde se recollen os asinantes da *Carta de Brest* —Declaración encol da loita contra o colonialismo na Europa Occidental, UPG, IRM e UDB— en 1974 así como outras organizacións que se sumaron posteriormente.

▸ Debuxo orixinal realizado en 1975 por Xan Casabella en Portugal para a edición do primeiro cartel da Asemblea Nacional-Popular Galega, constituída na clandestinidade o 25 de abril dese ano. Reprodución fotográfica de Xan Muras.

Consolidemos as prazas xa conquistadas antes de emprender o avance cara o próximo fortín. Convenzámonos de que só tomarán parte no botín os que participaron na loita. Vou traer a colación unha opinión compartida por algunha xente sen militancia política activa. O Estado español atópase en total descomposición. Supura pus por todos os orificios do corpo. Non hai institución que se salve. Desde a máis alta maxistratura do Estado e do Goberno, até a máis pequena corporación municipal. A crise institucional non se vai resolver botando viño novo en toneis contaminados polo ermo. Hai que fumigalos primeiro. O problema económico, que afecta a todo o sistema capitalista, ten efectos letais nun Estado que desde a guerra de Cuba leva agonizando. Os sucesos actuais evidénciano. Fronte á razón de Mas, Raxoi agárrase ao cravo ardendo da lei. Raxoi e non *Rajoi.* Aprendamos de Gadis e falemos como galegos. Bo reclamo para estampar nun cartel electoral, e non os tópicos que venden as axencias de publicidade. A inspiración nacionalista, como a do poeta, nace do corazón. Da mente pode saír tamén a demagoxia. Esquece o Presidente do Goberno que os dogmas que Deus gravara en roca xa os rompera Moisés antes de entrar na tribo que o agardaba no deserto. E non van durar máis os mandamentos constitucionais escritos en papel de lixa. O Estado novo, o plurinacional, non penso que naza das armas. Brotará das cinzas do actual. En canto lle desconectemos os cables que lle prolongan artificialmente a vida mandarémolo ao mausoleo do Monte dos Caídos, onde repousan os restos dos seus devanceiros. Desaparecido o centro mesetario, a historia do futuro vaina escribir a periferia.

Pero, queridos amigos nacionalistas, un proxecto que naceu para combater non pode esquecer as armas e quedar coas urnas. Interpretádeme ben. Estas son necesarias para que o nacionalismo entre nas institucións, pero moi perigosas se condicionan totalmente a vida do nacionalismo. Vou apoiarme nunha idea lapidaria de Vilar Ponte, acomodándoa ao meu estilo e á situación actual. Non poñamos os ollos na vitoria senón no ideal. Son perigosos os inimigos que temos fóra, pero máis destrutivas as tentacións internas. Hai cousas que me alarman.

© Xan Casabella




**«A crise institucional non se vai resolver botando viño novo en toneis contaminados polo ermo. Hai que fumigalos primeiro»**

A pretensión de rescatar militancia entre aqueles que coa súa práctica deixaron o nacionalismo á beira mesmo do precipicio. Vale tanto para os que entraron pola gateira da porta, lembremos o caso dalgunhas alcaldías, como para os que utilizaron o bastón municipal para bater con el nos principios que a organización lles entregou para a súa defensa. Se grave foi a covardía de non ter parado a tempo estas desviacións, infame resulta a pretensión de rescatar traidores. Contrasta este esmero proselitista co abandono no que se deixa a militantes de impecábel e longa traxectoria, que romperon coa disciplina partidaria por discrepancias lexítimas, e nunca por desviacións ideolóxicas. Moito coidado querido Hamlet, que algo fede a podre en Dinamarca. Hai comunicados, redactados apresuradamente coas vísceras e non co cerebro, que entronizan a profesionais da violencia gratuíta, que ruborizan a calquera mentalidade non contaminada pola demagoxia.

Falei da descomposición do Estado. Aproveitemos o proceso para colocar os nosos obxectivos o máis próximo posíbel á meta de chegada. Hai un perigo. Antes de que as campás empecen a dobrar polo defunto non tardan as moscas e rodear o moribundo. Pola herdanza e non por acompañalo na agonía. Non se comprende, se non for por iso, a proliferación de novos inventos políticos que comezaron a inzar en canto cheiraron eleccións, porque confunden eleccións con democracia. Decatáronse agora, pero tarde, de que as cousas andan mal. Non din como arranxalas, porque agardan recibir a inspiración das xuntas de veciños. A min lémbranme as reunións que se facían nas aldeas cando había que reparar camiños, combater o lobo ou repartir as augas de regadío. Un poñía o carro, o outro o gando. Os que tiñan menos facenda aportaban o sacho e os brazos para movelo. Cunha diferenza. Os promotores destas experiencias poñen a cara, e agardan que o pobo contribúa co traballo e coa ferramenta. Non hai que preocuparse, pois ningunha marea tardou en baixar máis de medio día. As augas mariñas soben e descen, no entender dos xeógrafos, por influencia da lúa. As mareas políticas oriéntanse polo sol. Polo sol que máis quenta, visto é.

Existe unha irritación xeneralizada nesta sociedade decadente. Algúns dos que chegaron tarde á manifestación aproveitáronse dela, obtendo un inesperado resultado electoral. Curiosamente, se non houbese eleccións non se preocuparían de facer política. Hai que recoñecerlles talento. Tampouco eran parvos os charlatáns que nas feiras vendían pesos a vinte pesetas. Polo toque *podemos* distinguir a autenticidade do metal. ¡Maldito verbo o que se colou na frase! Os programas de pouco valen se non están respaldados por unha ideoloxía. Groucho Marx ofrece un variado surtido deles a prezos de saldo. É a trampa das alternativas que

Portada e contraportada —cun artigo de Bautista Álvarez— da publicación *Signo* do 10 de decembro de 1966, semanario madrileño vinculado ao catolicismo progresista. Neste número extra dedicado monograficamente a Galiza colaboraría boa parte da UPG do momento. O semanario pecharía ao pouco, en parte debido aos contidos deste número.


SIGNO

GALICIA HOY


LA AUTODETERMINACION NO ES SEPARATISMO

© Bautista Álvarez

non cuestionan o modelo. Vou emitir unha mensaxe para retrógrados en exclusiva. ¿Qué podemos agardar (outra vez o verbo intruso), dos que levan o rabo na parte da anatomía que o *homo sapiens* utiliza para pensar? Se os meus temores se confirman, coido que as únicas transformacións que prometen vanse quedar na revolución capilar. A perruca sempre xogou un papel importante nas representacións teatrais. Deu lustre ás traxedias de Eurípedes e de Sófocles, e nos tribunais anglosaxóns supliu a autoridade que non tiña a lei. A xudicatura española, como non cadraban as crenchas nórdicas coa pelame ibérica, substituíu a perruca pola toga. A finalidade é a mesma. Darlle ao símbolo o valor que non ten o simbolizado.

Chegaron xa os tempos de cambiar o modelo do discurso político. Lembremos o tópico de Aznar: *Váyase señor González.* Daquela tratábase de que Filesa deixase paso a Gürtel. Nos restaurantes de prestixio e de moitos garfos, os comensais ou reservan mesa ou teñen que agardar que lle toque á súa quenda. O elector dilúe moitas veces a desilusión na retranca. Tan introducida está a resignación na

**«Se o maior prestixio é o que procede do diñeiro, non é de estrañar que sigamos o exemplo de Fausto e vendamos a alma ao demo da moeda»**

mentalidade popular que prefire manter o corrupto farto ao que aínda está famento. E algo de razón non lle falta a esta interpretación. Se a corruptela é produto das persoas e non do sistema é preferíbel cabalo mantido a rocinante fraco. Hai unha liña que marca a división entre os bandos enfrontados ideoloxicamente na política. Renuncio a utilizar a dicotomía esquerda-dereita, por estaren ambas alternativas unificadas frecuentemente pola práctica. Só se diferencian naquilo que non se garda no peto. Os da banda de ala atribúen a corrupción a desviacións patolóxicas das persoas, e que se debe combater coma calquera outra delincuencia. Coa lei e nos tribunais de xustiza. Os da banda de acá pensamos que a corrupción é o reflexo externo dunha sociedade corrompida. O mal está na infección da que a febre é síntoma. Vaiamos ao fondo da cuestión, á perversidade do sistema. Se o maior prestixio é o que procede do diñeiro, non é de estrañar que sigamos o exemplo de Fausto e vendamos a alma ao demo da moeda.

A tele-lixo, que ten o vicio de furgar nas latrinas coma os outros súidos da mesma especie, trocou os segredos de alcoba polos ocultos nas caixas fortes. Como está na onda, céntrase nos corruptos e esquécese dos corruptores. Ningún asalariado pode corromper, non por falta de tentacións senón de cartos. Os seus haberes non llo permiten. É un luxo que só se poden permitir os banqueiros, os contratistas, os especuladores das inmobiliarias, os defraudadores do fisco. ¿A quen vai comprar un mileurista que ten que vestirse con roupa de saldo? Tamén na corrupción están presentes as contradicións de clase. ¿Coñece alguén a man oculta que manexa os fíos? ¿A que corrompe alcaldes,




© Saleta Goi / Fundación Manuel María

Portada e contraportada do disco en vinilo, editado por Pobovox en Venezuela, baixo o impulso de Celso Emilio Ferreiro (Arístides Silveira) en 1970, con debuxos de Arturo Souto e Luís Seoane. Reprodución fotográfica de Xan Muras. Celso Emilio levaría a delegación da UPG en Venezuela desde a súa chegada en 1966 até o seu regreso en 1973; en agosto dese ano, tras entrevistarse con Méndez Ferrín e Bautista Álvarez, comunicaríalles que non se identificaba co Partido e que optaba por un proxecto de «socialismo democrático».

ministerios e a mesma casa real? Non sei se vós o saberedes pero eu si. É a man de aceiro e de guante branco do capital. Está ben furgar nos bufetes das Administracións públicas. Pero non estaría de máis tirar do fío e penetrar nos consellos de administración da empresa privada. Existe un problema, claro está. Son eles os que controlan e financian os medios de comunicación que difunden a noticia. Aquí é onde está a nai do año. ¿A que se debe o continuo baile de frecuencias que cada certo tempo se produce no espazo radioeléctrico? Pesimismos meus, gato escaldado que da auga fría foxe.

Eu agardo ver algún día sentado no banquiño dos acusados, ao lado de exministros corruptos, algún dos corruptores. Son estes os grandes ausentes da tribuna dos parlamentos, dos tribunais de xustiza, das tertulias da televisión. A solución non está na alternancia de nomes, nin tampouco de partidos que conflúen nos mesmos obxectivos. Tanto os da banda de ala coma moitos dos de acá pensan que a crise se combate levando os obreiros á empresa, en lugar de levar a empresa aos obreiros. Os que somos ideoloxicamente diferentes non podemos utilizar o mesmo discurso ca os que pensan de xeito distinto. Non abonda co idioma para marcar diferenzas. Nos vivimos na colonia e eles na metrópole. Nos tivemos que buscar o traballo fóra, e eles conseguírono sen saír da casa. Eles senten o orgullo, falso orgullo, da súa identidade, e nós desprezamos a nosa. Por aí, por aí. Por aí é por onde debemos principiar. Cun pobo sen estima propia non chegaremos a ningures. Menos tribunas, máis escolas e máis rúas. Os nosos fregueses non os atoparemos no templo. Temos que ilos buscar á casa e sacalos das prácticas supersticiosas coas que o españolismo alienou a súa mente. Sen descoidar as urnas, pero non nos deixemos vencer por elas. Levantemos pobo. Fagamos patria. Repetirase entón algo similar ao que aconteceu en Cataluña a última Diada. Desde a Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense e Vigo partirán riadas de galegos que, confluíndo en Compostela, debuxarán unha estrela de cinco puntas. A que levamos na nosa bandeira. A bandeira da liberación. Remato coa fórmula de cortesía coa que se despedían antes os nosos convidados. Se en algo faltei, disimulade. ●



▸ Bloqueo con tractores da Praza de Galiza, en Compostela, a comezos da década dos noventa, en resposta á política das cotas do leite.

**EMILIO LÓPEZ PÉREZ**
Sociólogo e activista agrario
na Federación Rural Galega

# Achegamento á historia recente do movemento agrario galego

***Morreu Franco:*** **Morreu Franco mais non o franquismo, nin o caciquismo. Na Galiza rural emígrase a Europa para poder trocar o arado e o carro polo tractor, estudar un fillo ou facer casa nova. Máis da metade da poboación da Galiza é labrega. Estamos estancados na agricultura de autoconsumo e non mecanizada. A ideoloxía e a moral son as do nacional-catolicismo. Imos entrar no Mercado Común e na 'democracia'. A Galiza quere espertar dun longo pesadelo. A UPG recupera o ideario esmagado e enterrado do galeguismo e fortaléceo coas ideas dos movementos de liberación nacional e do marxismo.**

*A voz do pobo:* Desde as aldeas ou dos seus arredores, grupos de persoas achegadas aos labregos (mestres, cregos, técnicos agrarios, estudantes; os chamados Comités de Axuda a Loita Labrega —CALL) ían espertando a consciencia ás xentes do rural de que era hora de unirse e rematar co abuso de poder do cacique, do falanxista, dos cuarteis, das igrexas, da xustiza, etc. Xurde unha voz que fala no seu idioma e cos seus sentimentos; a voz das Comisións Labregas. A idea de que as xentes labregas galegas teñen que unirse para protestar e rematar coa opresión e humillacións do cacique simbolizados especialmente no poder político, nos funcionarios públicos e nos poderes burocráticos vilegos, ademais da Igrexa, vai entrando, mais con dificultade e con medo. Os debuxos de Castelao seguen tendo actualidade.

A liberdade de expresión e a capacidade de facer política torna realidade o berro de rebeldía e liberación en todas as manifestacións: COMISIÓNS LABREGAS EN TÓDALAS ALDEAS. Ábrese un movemento de loita continuo dirixido polas Comisións Labregas e apoiado polo nacionalismo que precisa



© Marcelo Vidal

dar resposta a cada agresión ou campaña de propaganda. O vello poder aínda está vizoso. A nosa opresión é secular. Unha boa mostra foi que tivemos que loitar incluso contra desafiuzamento de caseiros históricos aos que lle tiraron as casas e levaron presos (Larín e Enchousas). Ao mesmo tempo, segue o proceso organizativo: Primeira Asemblea fundacional das Comisións Labregas (Sindicato Labrego Galego); I Congreso en Sigüeiro; eleccións a Cámaras Agrarias Locais en 1978... Partimos xa na fundación do Sindicato cun detallado Programa de Reforma Agraria Galega. O nacionalismo actúa como fronte e partíllanse loitas obreiras agrarias e populares nucleados pola AN-PG.

*Nós non somos empresarios, fóra a cota empresarial!*: Ademais das grandes mobilizacións contra as expropiacións ou roubos das terras polas industrias enerxéticas (Fenosa, Nuclear de Xove, Celulosas...), os labregos galegos teñen unha sobrecarga fiscal cun recibo que os fai cotizar como empresarios ademais de autónomos, a Cota Empresarial da Seguridade Social Agraria.

**«Ábrese un movemento de loita continuo dirixido polas CCLL e apoiado polo nacionalismo que precisa dar resposta a cada agresión ou campaña de propaganda»**

*1977, Setembro e Outono:* As Comisións Labregas, apoiadas polos CALL, fan presenza nos lugares de recadación e boicotéase o pagamento do recibo da cota empresarial. Novembro, día 26: Máis de 20.000 labregos xúntanse no Pazo dos Deportes de Lugo e deciden seguir sen pagar e quitar os tractores e carros a todas as prazas de todas as vilas os días tres, catro e cinco de decembro e seguir sen pagar, para que o Goberno negociase coas Comisións Labregas a supresión do recibo e unha Seguridade Social que tivese en conta as condicións

**«Foi quedando claro que estabamos no Mercado Común non para vendermos, mais para que nos vendesen»**

especiais da agricultura e das explotacións agrarias galegas: Desobediencia política e fiscal a España.

*Resistencia:* Pasou o goberno da UCD e o do PSOE e seguían a perseguir as Comisións Labregas e premer con embargos e detencións para que se pagase, até 1993 cando desaparece.

O Golpe de Estado do 23 de febreiro de 1981 ten na Galiza e no nacionalismo unhas repercusións importantes. O nacionalismo debilítase e as presións para que a xente pague increméntanse con anotacións de bens, maquinaria e terras. Cada recadador prepara na súa comarca unhas vítimas. Foron concellos de Lugo onde se chegou á confrontación final porque os incumprimentos e a resistencia era máis forte. Nas xuntanzas coa administración recoñecían a inxustiza do recibo, mais deixábannos claro que non podían darnos unha vitoria política ao nacionalismo galego.

En Lugo e en Láncara chegou a haber unha tentativa de poxa de terras a Cándido de Adai e ao Sr. Xulián de Trasliste; por unha débeda de 80.000 pesetas embargábanselle terras que valían un millón. En Lugo, cuns 400 labregos por medio houbo cargas e detidos, entre eles o afectado, que recibira un golpe na confrontación. En Láncara, quedou deserta a poxa e concentrarase moita xente e forzas da orde. Ameazáronlle durante anos con embargarlle as terras.

Ano 1978. Son as primeiras eleccións sindicais para o agro, cunha Cámara por Concello. A pesar de que gañan as eleccións por goleada os caciques do vello sindicato vertical da Falanxe con nomes de independentes ou profesionais, o sindicalismo

© Unión do Povo Galego




Mobilización agraria do 9 de setembro de 1979 polas rúas de Lugo.

Reencontro de membros que traballaron nos Comités de Axuda á Loita Labrega (CALL) na clandestinidade con outros membros fundadores das Comisións Labregas. O Saviñao, 12 de maio de 2002.



© Ramón Muñiz

nacionalista ten un honroso 25% en Lugo e resultados semellantes en comarcas da Coruña con implantación. En Ourense nótase na Limia e nalgunhas comarcas a presenza nacionalista, outras son terras de Franqueira. As eleccións agrarias teñen un carácter moito mais político que no mundo obreiro.

*O Mercado Común Europeo Ruína do Agro Galego:* Foi quedando claro que estabamos no Mercado Común non para vendermos, mais para que nos vendesen. Inundáronnos de máquinas, produtos e tecnoloxía. Xa somos europeos, modernos e escravos. Os propios ministros que nos meteron no Mercado Común Europeo remataron recoñecendo que era danoso para as producións galegas, especialmente as agrarias e pesqueiras. O PSOE foi tan turrón ou máis que o PP á hora de aplicar as directrices dos fortes do Mercado Europeo. Os documentos do nacionalismo sobre as consecuencias das políticas comunitarias foron predicións exactas. Chama a atención como algúns esqueceron o que escribiron e como se cumpriu…

*Outras Cotas, as do leite: O* 'libre mercado' méte-nos no mercado limitado. As nosas vacas teñen os tetos controlados. Outros vinte anos de tractoradas manifestacións e protestas. O día 28 de febreiro do 1987 sobe a marea na praia do Orzán. A Plataforma do Leite da Galiza protesta na Coruña contra o Goberno de España. 300.000 galegos —a maioría labregos/as— realizan a maior asemblea agraria coñecida. Era o PSOE, co Conselleiro Francisco Sineiro na Galiza quen lle tocaba aplicar as cotas do leite que lle mandaba o Ministro do seu partido de Madrid. A Plataforma do Leite non é máis que a aplicación diso que tantas veces reclaman ao nacionalismo e cando o poñemos en práctica nolo combaten; a unidade de acción para defender os intereses lexítimos das xentes da nosa terra.

*Finais do século XX:* A multa da Supertaxa. O Mercado 'Común' múltanos aos galegos por producirmos leite para o mercado español, que é deficitario. Pau no lombo e pau na albarda… Se producimos moito, múltannos; se producimos pouco, non podemos vivir. Os países da periferia europea tócanos ser as novas colonias do eixo central da Alemaña e satélites. Chegamos até as portas do Ministerio en Madrid na primavera do ano 1996.

Outros sindicatos: Nos momentos fortes das loitas do leite, outros sindicatos víronse forzados a participar e apoiar as tractoradas e manifestacións, chegáronse a facer manifestacións de Comisións Labregas e Unións Agrarias nas épocas dos Gobernos de Aznar e, nas loitas de final de século contra a supertaxa, a Xunta desviou cara a Madrid protestas en que participou até Xóvenes Agricultores.

*Desde a morte de Franco até final do século XX*: As producións de carne, de viño, os servizos agrarios, a formación e información agraria… a rebeldía e consciencia agraria e galega tiveron o nutrinte e o zume do nacionalismo galego. Co cambio de século, a Europa 'dos mercadores' ou dos mercados tróuxonos a tolemia das vacas. Que grandes cousas nos trae Europa! ●



▸ Cabeceira da mobilización nacional convocada o 1.º de Maio de 1978 en Vigo pola Intersindical Nacional Galega (ING).

**MANUEL MERA SÁNCHEZ**

Director da Fundación Moncho Reboiras para o Estudo e a Divulgación da Realidade Social e Sindical de Galiza (FESGA)

# A UPG, forza dinamizadora do sindicalismo de clase e nacionalista

**Desde a súa orixe, a UPG tivo a vocación inequívoca de ser o instrumento político das clases populares, e moi especialmente da clase obreira, que tiña (e ten) un papel central na loita social e democrática na Galiza e ía daquela camiño de se converter na máis numerosa.**

**As folgas de 1972 en Ferrol e Vigo foron un revulsivo** na loita contra a ditadura, a prol da democratización e dos dereitos nacionais da Galiza, o que abriu as portas para que o nacionalismo se convertese no futuro nunha forza referencial na clase traballadora galega. Os militantes da organización participaron dentro das súas posibilidades no conflito de 1972, que se estendeu de Ferrol a Vigo e outras cidades e vilas do país. O proceso non estivo exento de atrancos, porén permitiu que a UPG se visualizase no ámbito laboral e estreitase as relacións con Organización Obreira, o que posteriormente facilitou a incorporación de destacados activistas na UPG e no Sindicato Obreiro Galego (SOG).

A integración de Galicia Socialista (con incidencia en Citroën) sería outra achega a este proceso de expansión da organización. Coa constitución formal da Fronte Obreira da UPG, na primavera de 1973, o traballo tornouse metódico e colectivo e, como resultado, medrou a militancia e o número de simpatizantes. O seguinte paso foi a creación de estruturas nas bisbarras e sectoriais. **Os xermolos sindicais estendéronse axiña polo país**




© Unión do Povo Galego

(cos seus voceiros: *Xerme* na Coruña, *Adiante* en Vigo, *Ferramenta* en Ferrol, *Obradoiro* en Ourense, *Galego* en Compostela). Os sindicatos de sector xurdiron tamén naqueles anos, como a UTEG en 1974 e o SOG en 1975, este último como produto da unificación dos xermolos sindicais. Os demais sindicatos de rama serán posteriores. O Primeiro Congreso da UPG (agosto 1977) valora estas organizacións sectoriais como: «Sindicatos de clara tendencia anticapitalista e anticolonial (SOG, UTBG, UTSG, UTEG, SGTM) que naceron como resposta á necesidade de autoorganización dos traballadores galegos na perspectiva de ser os antecedentes pola súa loita, polo seu programa, dunha verdadeira Central Sindical Única Galega.»

No ámbito sindical era necesario disputar a hexemonía a CC.OO., daquela a opción maioritaria, e para iso cumpría organizar a clase traballadora para alén dos militantes e simpatizantes comprometidos/as coa Asemblea Nacional-Popular Galega (AN-PG). Para acadar este obxectivo, optouse porque o SOG abandonase a fronte nacionalista, mantendo porén unha relación estratéxica co movemento nacional popular galego (MN-PG). Era un debate paralelo ao de saír ou non da clandestinidade, forzando a situación política, e adaptando os métodos de traballo a este novo contexto.

**A fundación da Intersindical Nacional Galega (ING)**, en maio de 1977, respondía acertadamente á imposición do 'pluralismo' sindical. Este era contrario á reivindicación dunha central única que defendía a maioría da clase traballadora e o nacionalismo. Porén, a correlación de forzas era desfavorábel para a defensa deste obxectivo, máxime

**«No ámbito sindical era necesario disputar a hexemonía a CCOO, daquela a opción maioritaria, e para iso cumpría organizar a clase traballadora»**

cando Comisións Obreiras aceptou o 'pluralismo'. Ese foi un momento decisivo que marcou o futuro do nacionalismo no ámbito sindical, xa que, no caso de non ter constituído a ING, (o que propuñan sectores internos minoritarios, facendo unha análise mecanicista), teríase perdido toda referencialidade. Esa minoría viu nesta diverxencia unha razón máis para a escisión. A UPG valoraba así esta decisión: «se mantivésemos unha actitude pasiva nos intres decisivos, sen ter presentado nen legalizado a nosa alternativa sindical, deixaríamos aberto o camiño pra que os oportunistas da derradeira hora e reformistas, acolleran un amplo sector das clases traballadoras dispostos a se afiliar a un sindicato.» (Textos do 1.º Congreso da UPG).

Porén, non hai dúbida de que foron a participación destacada nas folgas sectoriais, a forte **oposición aos Pactos da Moncloa** que sacrificaban a clase traballadora para garantir o réxime que se consensuou en 1978 (UCD, AP, PSOE, PCE), así como as convocatorias das xornadas de loita, as que deron a iniciativa ao sindicalismo nacionalista. No Segundo Congreso da UPG (outubro de 1979) afirmábase nas teses: «Neste pacto social, o papel asignado ao PSOE-PCE era o de garantir a resignación da clase obreira [...] A loita do sindicalismo nacionalista estivo sempre dirixida contra os pactos sociais e a favor das solucións con perspectiva global». No *Terra e Tempo*, voceiro da UPG, de xaneiro de 1978, nun editorial titulado 'A política do partido a nivel sindical' afirmábase: «o movemento sindical nacional-popular está a pasar por un momento político no que a nivel do Estado español son determinantes os intentos de estabelecer a conciliación de clases (Pacto da Moncloa), e polo tanto a concilización no problema nacional. É dicir, a promoción de alternativas seudonacionalistas baleiras de todo contido de clase, especialmente grave en países como o noso». O correcto desta liña, que ligaba clase e nación, foi referendada nas primeiras eleccións sindicais (1978) nas cais, sen ningún apoio exterior e malia o recente nacemento da central, a ING acadou 1079 delegados/as.

Asemade, esta visión global, política, da conflitividade laboral, deu lugar durante esta etapa á **convocatoria de xornadas de loita nacionais**

© Manuel Mera




Mobilización en Vigo na folga xeral convocada o 29 de novembro de 1984.

© Unión do Povo Galego



Mobilización operaria en Vigo, maio do ano 1976.

**«A visión global, política, da conflitividade laboral, deu lugar durante esta etapa á convocatoria de xornadas de loita nacionais que unían os conflitos»**

que unían os conflitos. Non existían antecedentes desde o período previo á Guerra Civil en que se desenvolveran algunhas folgas de ámbito nacional galego. As xornadas do 27 de xaneiro e do 27 de xuño de 1978 tiveron moita incidencia na divulgación do proxecto nacionalista e para gañar os sectores máis combativos. Foron, ante todo, unha demostración práctica de atrevemento, de que o nacionalismo anticolonial tiña unha folla de rota capaz de transformar a realidade. A este respeito dicía o *Terra e Tempo* de xullo de 1978, en relación á 2.ª Xornada de Loita: «O resultado da xornada ven demostrar a consolidación cada vez máis firme do sindicalismo anticapitalista e anticolonial da ING no seo da clase traballadora galega [...] O boicot activo do españolismo de toda caste, a actuación da garda civil, e a minimización da xornada na prensa, non impediron que o panorama político se clarifique cada vez máis [...] a Xornada demostrou que o camiño iniciado é o correcto.»

A capacidade mobilizadora e a oposición ao pacto social (que rexeita a loita de clases), o rápido aumento da afiliación e da representatividade da ING, e a **vocación integradora do nacionalismo anticolonial** foron esenciais para a converxencia con outras centrais sindicais. En 1980 produciuse a unión entre a ING e a Confederación de Traballadores Galegos (CTG), dando lugar á Intersindical Nacional de Traballadores Galegos (INTG) que nas eleccións dese ano acadou 1672 delegadas/os. No ano 1981 incorporouse o Sindicato Galego do Transporte e en 1982 integrouse a Confederación Sindical Galega (CSG). Estas achegas e outras posteriores contribuíron á consolidación do sindicalismo nacionalista. No 4.o Congreso da UPG (decembro de 1983) valorábanse estas integracións do seguinte xeito: «O noso partido defendeu o proceso aínda que sabiamos de antemán que xeraría non poucas contradicións e enfrontamentos [...]. O partido debe ser protagonista principal no respeito aos mecanismos democráticos dos que se ten dotado a central.»

No ano 1983 e 1984, nun contexto de recesión, coas clases dominantes empeñadas en adecuar a economía e as relacións laborais a unha futura entrada no Mercado Común Europeo, déronse no noso país grandes mobilizacións, nas cais que tivo un protagonismo destacado a loita contra a reconversión da construción naval. Foi un reto que a UPG soubo responder axeitadamente, non sen debate na INTG, e que tivo como secuela a ruptura posterior da central sindical. No seo da INTG confrontábanse politicamente dúas posturas, tanto en relación a que representaba a autonomía, como na actitude cara ao Goberno do PSOE, e se daban as condicións para a **convocatoria dunha folga nacional** contra a reconversión. A folga foi convocada en solitario pola INTG e conseguíronse uns resultados que non esperaban os detractores, demostrando que había condicións para globalizar a resposta.

O *Terra e Tempo*, de febreiro de 1984, destacaba: «Os atrancos, as dúbidas, as ambigüidades de distintos sectores vense agora contestadas pola realidade. Sen pecar de inmodestia, podemos dicir que a firmeza do noso partido foi decisiva para o lanzamento e desenvolvemento desta folga. Se houbo erros non foi por se pasar, senón por quedar curtos, por falta de implantación ou por falta de confianza nas nosas propias forzas.»

© Manuel Mera




O 19 de marzo de 1994, en Compostela, decorrería o I Congreso da CIG, tras o período de converxencia entre a INTG e a CXTG.

▶ Cartel editado pola Intersindical Nacional de Traballadores Galegos co gallo do 1.º de Maio de 1985.

No 5.º Congreso (marzo de 1986) afirmábase: «Por vez primeira unha loita, na súa orixe sectorial, desbordou o localismo, espallándose por toda a xeografía da nación [...] a decisión de pularmos en solitario a nivel nacional a folga do 14 de febreiro foi determinante do rumo tomado despois e da resposta popular á reconversión decretada polo Goberno.» Ese ano realizáronse tres folgas xerais en total, as dúas últimas convocadas unitariamente pola INTG e CC.OO. Foi un pulo cualitativo e cuantitativo na loita sindical como resultado da iniciativa do nacionalismo.

Coa ruptura da intg en abril de 1985, e o nacemento da CXTG-IN, ábrese un novo período no sindicalismo nacionalista. No 5.º Congreso da UPG (1986) analizábase do seguinte xeito: «En ningún momento abxurou a UPG da defensa dun sindicato pluralista [...] unificado polo común denominador nacionalista». No 6.º Congreso a postura era máis matizada (xaneiro de 1989) autocriticamente: «é evidente que non estivemos á altura das circunstancias, xa que non fixemos todo o posíbel para evitar a ruptura da INTG; deixámonos levar polo fragor das diferenzas políticas; mantivemos unha práctica de control mecanicista da central (negándonos teimudamente a recoñecer a realidade plural, ideolóxica e política que xa existía no sindicato); tiramos valoracións trabucadas da situación circunstancialmente álxida pola que pasaba o movemento obreiro.»

Como consecuencia desta autocrítica e da rectificación co obxectivo da **reunificación do sindicalismo nacionalista**, así como do debate existente na intg, a central acordou enviar á cxtg unha proposta para crear unha coordinadora, o 8 de novembro de 1986. Esta proposta foi rexeitada. Ademais, sectores da INTG opuxéronse ao proceso de reunificación; mesmo algúns abandonaron a central. A conflitividade laboral, a necesidade de tomar a iniciativa por parte do nacionalismo no ámbito sindical, a progresiva superación emocional da ruptura, e a postura da UPG en relación ao tema, permitiría que no ano 1990 se constituíse a Converxencia Intersindical Galega (CIG). Esta era unha coordinadora en que ambas centrais mantiñan a súa autonomía e que, no aspecto legal, era unha confederación, a efectos de representación. No ano 1994 realizouse o Congreso Constituínte da Confederación Intersindical Galega. A reunificación do o sindicalismo nacionalista abría unha nova etapa.

Nesta curta análise da contribución da UPG á consolidación do sindicalismo nacionalista, faise referencia esencialmente á achega partidaria a un modelo sindical, a unha central para a liberación nacional e social. Ora ben, existiu tamén unha participación activa e de alento da mobilización, das folgas, unha xestión de clase dos conflitos, para que permitisen novas conquistas laborais e sociais ou evitasen a perda de emprego, un sementar de ideas anticoloniais e anticapitalistas. O outro aspecto a destacar é a entrega dos/as centos, se cadra milleiros, de militantes da UPG (e dos/as simpatizantes), ás veces en condicións económicas ou de represión complexas. Só así, con esforzo, con proxecto, folla de rota, análise e autocrítica, e métodos de traballo correctos, foi posíbel construír unha central sindical combativa con pouca experiencia previa da maioría da militancia, nen apoio exterior de ningún tipo.


DIA DO INTERNACIONALISMO PROLETARIO
1º MAIO
INTG
os traballadores galegos
contra a entrada na c.e.e.
pola liberación nacional



**MARÍA DO CARME GARCÍA NEGRO**
Economista

# A UPG e a loita das mulleres

**Hai algunhas análises (froito máis unha vez do complexo dos asoballados) que acusa á UPG de demora na inclusión da loita feminista nos seus programas políticos. Para responder a isto, limitarémonos a expor os feitos que constituíron as propostas de análise e de acción política.**

No ano 1975, un mes despois da morte do ditador (28 de Decembro), o xornal ***La Voz de Galicia*** publica un suplemento extraordinario para conmemorar desde Galiza o Ano Internacional das Mulleres declarado pola ONU, comezo do que esta institución denominou a década das mulleres, para visibilizar e reivindicar un lugar digno na sociedade para elas.

Recolle un total de 14 aportacións, nos diferentes campos da acción social: na política, na universidade, no deporte, no exercicio de profesións como a advogacía, o xornalismo, a docencia infantil, na medicina e na relixión. Aínda que o suplemento se intitula «A muller galega», a especificidade do *ser muller galega* goza dun tratamento limitado: as colaboracións son pioneiras na reflexión sobre a problemática das mulleres feita en Galiza pero non necesariamente sobre as galegas. Das asinantes, seis escreben en galego e as restantes, en español. Destacaríamos como aportacións cuantitativas e non especulativas sobre a realidade da análise: «Notas encol da poboación activa femenina galega» de M.ª Carme García-Negro; «A muller na universidade», de Teresa García-Sabell e «Mujer y medicina




© Unión do Povo Galego

en Galicia» de Teresa Sánchez Mozo. Non obstante, cómpre destacar que se trata da primeira publicación colectiva da postguerra e preconstitucional feita en Galiza por mulleres en campos de actividade e intervención social dominados polos homes. Destacaríamos así mesmo que dúas das aportacións nacen no seo da UPG, a xa citada de M.ª Carme García Negro e mais a de María Xosé Queizán, relativa ás mulleres labregas.

Moi cedo, co nacemento da AN-PG comeza tamén o traballo político das mulleres no seu seo. As reivindicacións feministas son asumidas como parte da loita pola dignidade do ser humano galego/a. A AN-PG elabora alternativas políticas propias para unha lei do divorcio, para a reivindicación do aborto legal, para a coeducación.

Nas distintas frentes da AN-PG a presenza e papel das mulleres foi tan igualitaria como o era a sociedade galega do tempo. Na Frente cultural, na labrega, na sindical, na municipal, na veciñal..., había máis mulleres das que máis tarde compuxeron os órgaos de dirección, cando o asentamento da organización na sociedade e nas institucións nadas na democracia fixo máis doado o traballo tanto interno como de representación política. Boa proba é que a UPG escollerá a unha muller, Elvira Souto Presedo, como Secretaria Xeral no seu primeiro congreso en 1977.

Unha vez fundado o BNG xunto con outras forzas partidarias, nace no seo do mesmo e por iniciativa de mulleres da UPG e independentes Mulleres Nacionalistas Galegas, que levan a cabo de forma directa accións políticas de todo tipo verbo da problemática das mulleres galegas. A reivindicación

**«A AN-PG elabora alternativas políticas propias para unha lei do divorcio, para a reivindicación do aborto legal, para a coeducación»**

◂ Páxina do suplemento extraordinario publicado o 28 de decembro de 1975 para conmemorar desde Galiza o Ano Internacional das Mulleres declarado pola ONU.

Cartafol editado en 1985 por MNG, reedición dun feito cinco anos antes pola Comisión da Muller da AN-PG, daquela so o lema «As mulleres galegas polos nosos dereitos».

Caderno editado pola Comisión de Mulleres da AN-PG. Até o ano 1981 non se aprobaría nas cortes xerais a primeira Lei do Divorcio desde o golpe de Estado de 1936.







dun traballo digno para ser independentes; a do dereito ao aborto libre e gratuíto; a un ensino coeducativo e laico; dereitos laborais universais, dereitos civís igualitarios, dereitos políticos iguais... constituíron tanto campos de análise política e teórica como accións de política activa na sociedade, unhas veces en soidade e outras conxuntamente con organizacións feministas, sindicais ou doutros partidos políticos. No ano 1989 accede ao Parlamento de Galiza a primeira deputada nacionalista: M.ª Pilar García Negro: non deixou nunca, desde a súa capacidade, de facer presenza, propostas e crítica parlamentar ao goberno en todo canto campo de interese fose útil á melloría das condicións de vida das galegas e tamén da visibilización do seu existir. A ela se debe a fundación da Comisión para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres na Cámara galega, comisión de estudo que convocou todas as organizacións femininas e feministas da Galiza.

Nas Cortes do Estado a presenza dos temas das mulleres galegas precisa que aparezan os primeiros nacionalistas, Francisco Rodríguez e Guillerme Vázquez: o desvelado da prohibición das mariscadoras a se afiliaren ao ISM, por mor dunha rancia visión do españolismo; a discriminación das labregas, mesmo sendo titulares da propiedade de súa explotación agraria; a reforma do Código Penal para a punición dos delitos sexistas; a proposición de lei sobre a corresponsabilidade laboral e familiar... son algúns casos de traballo lexislativo eficaz da man dos nacionalistas nas institucións do Estado.

No goberno bipartito da Xunta, entre os anos 2005-2009, levouse a cabo por iniciativa do BNG unha política de asunción pública de tarefas asumidas case que exclusivamente por mulleres como cuidadoras: tanto nos dereitos laborais como os de servizos sociais intentáronse cobrir servizos de dereitos novos: dereito ao traballo, dereito ao propio tempo, dereito a un salario. ●



▸ Fotografía tomada en 1977, despois dunha das mobilizacións que percorreron Carballo e que remataron na marisma de Baldaio, parroquia de Lema, en defensa dos usos veciñais do areal.

**MANUEL SOTO CASTIÑEIRA**
Enxeñeiro Químico e ecoloxista

# En defensa da terra

Nos primeiros anos da transición do franquismo cara á democracia formal española, as Encrobas, Baldaio, Xove, culminados en 1977, foron os casos máis coñecidos das loitas populares polo autogoberno, pola capacidade a decidir sobre os propios recursos materiais para a existencia digna dos galegos e galegas.

Mais antes e despois, foron moitas outras as loitas contra o roubo dos recursos locais, desde a usurpación das terras máis fértiles para a construción de grandes encoros en pleno franquismo (Castrelo de Miño, 1965), a denuncia da celulosa de Pontevedra que leva contaminando a ría desde 1963, a oposición á instalación de máis fábricas de celulosas en diferentes puntos da Galiza (Ponteceso, Padrón, Ourense, etc. a finais dos 70), a defensa dos labregos diante da autoestrada do Atlántico, ou as mobilizacións masivas contra o vertido de refugallos radioactivos por moitos países europeos na Fosa Atlántica (1982), case ao lado do Fisterra galego.




© Xan Carballa

Os berros de *A terra é nosa e non de Fenosa, Non ao roubo das praias-caciques fóra, Todos a Xove-non á nuclear*, ían ao par de *Galiza ceibe-poder popular*, e as loitas populares galegas aparecían tinxidas de verde, xa nos albores do espertar da consciencia ecolóxica global.

A terra e o mar eran entón os recursos básicos da economía galega e en todos estes conflitos, intereses alleos, vindos de máis aló do Padornelo, ou mesmo xerados no proceso de globalización capitalista xa en cernes, agredían, usurpaban, e destruían literalmente estes recursos. Como hoxe nos numerosos desafiuzamentos das vivendas e o roubo dos aforros polos poderes bancarios, as persoas carecían de dereitos diante do que se presentaba como progreso. A desobediencia civil e mesmo o enfrontamento directo ás forzas da orde e ás estruturas caciquís do franquismo no país era a única saída.

As loitas contra unhas concentracións parcelarias concibidas desde a meseta, as concesións franquistas de encoros para o Navia, o Lérez, o Ulla, ou o Baixo Miño (Sela), moitas delas reconvertidas en 'minicentrais hidroeléctricas' xa na década de 1990, cun desprezo total para os nosos ríos e a súa ecoloxía, ou o manexo a distancia do *Prestige* servindo intereses espurios, consolidaron o decisivo papel nacionalista na defensa do medio e dos recursos produtivos.

## Os ríos, a forza da auga

Ao longo de décadas, o cinema do réxime presentaba o Ditador á beira dos ríos galegos pescando salmóns a manchea. Mais os salmóns non era o que máis interesaba a España dos ríos galegos, mais o seu caudal, a forza das súas augas, co afán

**«Cos encoros perdéronse vilas e aldeas e moitas terras das mellores, e o éxodo e a emigración foi o drama de milleiros de familias por todo o país»**

Mobilización contra o complexo ENCE-Celulosas en Lourizán, Pontevedra, a comezos dos noventa e que se celebra todos os anos para esixir o peche.



© Anxo Iglesias

de convertela en quilovatios da forma máis simple, rápida e sen dúbida destrutiva. Encorar os grandes ríos galegos, sen importar, xa non digamos a pesca e a biodiversidade, mais sequera as persoas, centos e milleiros de persoas que tiñan a súa vida nos espazos inundados ou ao seu carón. Cos encoros perdéronse vilas e aldeas e moitas terras das mellores, e o éxodo e a emigración foi o drama de milleiros de familias por todo o país. As que quedaban nos seus lindeiros vían dificultado o seu modo de vida e truncadas as súas relacións sociais coa incomunicación completa con aquelas que eran veciñas e familias.

A mediados do século XX, todos os grandes ríos galegos veríanse anegados por un ou por unha ducia de grandes encoros. O Miño e o Sil son verdadeiro paradigma, con ducias de encoros, constitúen o tramo fluvial de maior densidade de encoros de toda Europa. Todos agás o Umia, mais que despois de superar a ditadura e entrar no século XXI sen encoros, non resistiu á presión espoliadora da autonomía gobernada polo PP: co encoro de Caldas, un proxecto fraudulento desde todos os puntos de vista, en 2002 culminouse o proceso de destrución de todos os grandes ríos galegos. A UPG promoveu as loitas contra os encoros, desde Castrelo de Miño até Navia de Suarna ou Arbo, como tamén contra o encoro de Caldas e a nova onda de minicentrais de finais de século.

A nova normativa ambiental sería aliada do nacionalismo e do ecoloxismo, servindo ao menos como argumento para loitar contra intereses nados no franquismo na forma de concesións hidráulicas que aínda hoxe seguen vixentes. A loita conseguiu parar grandes encoros no Navia, no Baixo Miño, no Ulla, no Lérez... mais en non poucos casos, co apoio das novas estruturas do Estado, esas concesións convertéronse nun rosario de minicentrais, do que foi bo exemplo o Ulla, o Lérez, ou mesmo o baixo Miño (Sela), e pode selo aínda o Navia. Todo isto nun contexto en que os intereses xa mudaran ao roubo dos nosos ríos na forma de concesións de minicentrais, para as que non houbo límite, con varios centenares de instalacións nas últimas décadas do século XX e até 2005. Precisamente, a entrada do BNG no goberno da Xunta en 2005 permitiu que fose aprobada a Lei de Protección dos Ríos Galegos, tramitada por Iniciativa Lexislativa Popular co apoio do BNG desde o momento inicial e, en consecuencia, a paralización de decenas de proxectos de minicentrais en tramitación ou que xa foran aprobados nos últimos anos.

Os encoros son o máximo expoñente dun Estado que negou ás xentes galegas o pan, a auga e as terras, e que lles negou e lles segue a negar a enerxía que os ríos galegos produciron e seguen a producir. Parar calquera nova agresión aos ríos galegos, restaurar o medio no posíbel ou alí onde aínda é posíbel, e terminar co espolio que significa a exportación gratis de toda a enerxía hidráulica, á que hoxe vén sumarse a eólica, son obxectivos vitais para o futuro deste pobo.

## O monte e os recursos do solo

Tamén o monte foi un dos primeiros recursos que a ditadura decidiu pór ao servizo de intereses centralistas, completamente alleos ás necesidades do noso país: producir madeira de crecemento rápido destinada a abastecer as industrias máis contaminantes, as fábricas de celulosa química. Para isto, expulsou sen contrapartida ningunha os labregos




© X. Marra

Mobilización en Compostela para parar definitivamente as verteduras radiactivas na fosa atlántica o 21 de febreiro de 1984. Nesa área depositáronse durante 33 anos máis de 140.000 toneladas de residuos nucleares en trinta sitios distintos, en bidóns de aceiro e formigón. Os últimos coñecidos foron en 1982, a 650 quilómetros das costas galegas.

e veciños que empregaban o monte como fonte de leña e madeira, mais sobre todo como fonte de fertilizante orgánico para as terras e pasto para gando de todo tipo, particularmente ovellas, vacas e cabalos. As primeiras reforestacións fixéronse con piñeiro que o lume arrasou unha e outra vez, para dar paso, xa na década dos 70, ao eucalipto. As dúas especies son pirófilas, mais a vantaxe do eucalipto estaba en que non era preciso plantar de novo, e a madeira servía calquera que fose a súa talla e calidade. A celulosa de Pontevedra adaptouse, progresivamente substituíndo o piñeiro por eucalipto como materia prima, os incendios continuaron até converterse nun dos principais factores de impacto e deterioración ambiental do país e boa parte deste converteuse nun inmenso eucaliptal.

O nacionalismo encarou directamente a loita pola devolución da propiedade dos montes, en particular polas grandes extensións de monte en man común, que fora literalmente roubado polo Estado español. Ao mesmo tempo, encarou a loita contra os incendios forestais, procurando desvelar as causas últimas dos mesmos, enraizadas no modelo forestal nun primeiro momento e no conxunto de políticas que coa entrada na UE levaron ao desmantelamento do sector produtivo primario e a eliminación das relacións de simbiose monte-agro, auténtico piar da sustentabilidade no rural, e o progresivo despoboamento rural.

É ben sabido, mais necesario mencionalo, que acadar unha solución ao esfarelamento do sector monte-agro, coas súas conexións adicionais monte-industria e agro-industria, non é cousa simple, nin de poucos días. Mais non haberá solución se non se aposta por cambiar a situación actual. Precisamente, o BNG tivo como un dos seus principais obxectivos no seu paso pola Xunta a modificación desta situación. Cando este país estiver en condicións de apreixar o seu futuro, terá que volver sobre os pasos e retomar moitas das iniciativas que agromaron nese momento.

Non é este o lugar para argumentar sobre todo isto, mais se pensamos que hai crise, que non hai emprego, e que a situación económica vai a peor a cada paso, acho que debemos reparar no feito de que, nunha parte moi importante, o noso territorio está hipotecado, producindo só para a celulosa de Pontevedra. O Estado español instalouna nunha ría altamente produtiva, púxolle ao lado unha fábrica de cloro, bomba de reloxaría para as cidades de Pontevedra e Marín, e ambas mandaron á ría e ao ar toneladas e toneladas de mercurio, dioxinas e moitos outros contaminantes. Feito o traballo suxo *in situ*, a pasta de celulosa saíu e sae do país para alimentar fábricas de papel noutros territorios: en máis de 50 anos, nunca o Estado español conseguiu producir un quilogramo de papel na Galiza. Para eles, pechar o ciclo produtivo foi só un slogan interesado.

**«As primeiras reforestacións fixéronse con piñeiro que o lume arrasou unha e outra vez, para dar paso, xa na década dos 70, ao eucalipto»**



© Fundación A Nosa Terra

Detención en Londres de Ramón Varela —dirixente ecoloxista— en 1982, por protestar contra as verteduras radiactivas na fosa atlántica e esixir a súa paralización.

Os recursos do solo foron obxecto doutros moitos procesos de explotación, sen contrapartida máis que os pagamentos directos que os propietarios deses recursos puideron conseguir despois de teren que recorrer á protesta, e contando coa mobilización e solidariedade do pobo. O Estado decidiu expropiar as terras nas Encrobas e nas Pontes para as minas de lignito e instalar as centras térmicas máis contaminantes de toda Europa. A chuvia ácida converteuse nun grave problema ambiental para amplas comarcas galegas durante décadas, até que se esgotou un carbón que nunca se debeu extraer. Os estudos rexistraron a queda na produtividade da vexetación, as hortas deixaron de producir froito, en casos graves os animais morrían despois de pastar nesas condicións, e a corrosión pola chuvia ácida causou danos en instalacións industriais e no patrimonio histórico-artístico. Nunca tales danos foron recoñecidos, excepto nalgúns casos concretos, e menos aínda compensados.

## Industrias de enclave e contaminación

Celulosas, Sogama, Centrais térmicas, Centrais nucleares, Alúmina entran con toda claridade no concepto de industrias de enclave que procuran o aproveitamento puntual dun recurso sen formaren parte dun plan de desenvolvemento integral, ou que se deben aos intereses dunha planificación económica allea, sen importar o custo ambiental que causan no ámbito local ou de todo o país. A bauxita impórtase de África, mais a outra materia prima para o proceso de obtención de alúmina-aluminio é a enerxía eléctrica. Esta sae maiormente do país de forma directa ou indirecta na forma de lingotes de aluminio, con escaso ou nulo valor engadido. Só a falta de soberanía dun pobo para tirar proveito dunha elevada capacidade de produción de enerxía renovábel, pola subordinación política a Madrid, pode facer boa ou preferíbel a vía indirecta de exportación de electricidade a través do aluminio. Poden parecer moitos, mais abonda con pór a conta a intensidade enerxética dos empregos neste sector e comparala coa intensidade enerxética da utilización media para vermos que as vantaxes comparativas débense restrinxir a sectores máis sustentábeis e autocentrados.

Xa a comezos da década de 1990 se planifica o macroproxecto de incineradora, con capacidade para máis dun millón de toneladas de residuos, obedecendo a intereses privados e completamente alleos ao pobo galego. A loita do ecoloxismo e o nacionalismo contra este proxecto, promovido pola Xunta do PP e facilitado polos poderes locais do PSOE, conseguiu reducir a menos da metade a capacidade desta instalación. Por outra banda, o traballo do BNG nos concellos fixo posíbel que exista un referente alternativo a Sogama que se mantén no Barbanza. Como alternativa de tratamento dos residuos, a incineración non só é antiecolóxica, mais tamén unha vía para a transferencia de recursos económicos desde as poboacións locais ás grandes multinacionais, como a propia titular de Sogama (Fenosa-Gas Natural) ou aquelas outras que venden equipamentos e instalacións de incineración. É claramente contraria á posibilidade de completar os ciclos produtivos na rexión (fábricas de papel, reciclaxe de materiais plásticos, plantas de composto) e, desta forma, á creación de emprego, directo e indirecto. Mesmo o emprego directo




© X. A. Méndez

A primeira marcha antinuclear entre Viveiro e Xove decorreu o 10 de abril de 1977. Pese a estar prohibida polo Gobernador Civil de Lugo, o nacionalismo galego fixo un gran despregue propagandístico para lograr unha asistencia masiva.

vese reducido á décima parte do que outras alternativas poden permitir.

Na situación de crise e revalorización do ouro, Galiza xa foi obxecto de novas tentativas de minaría a ceo aberto, novos exemplos destas industrias de rapina. A escaseza progresiva de minerais a nivel mundial e as demandas crecentes das novas tecnoloxías farán que as multinacionais do sector intenten unha e outra vez comezar a explotación dos recursos que quedan no noso territorio. O pobo galego non debe esquecer a historia recente do último medio século de explotación de recursos autóctonos a través de industrias altamente impactantes que comezou en plena ditadura, mais que tivo continuidade ou mesmo se intensificou no posterior réxime 'democrático'. Como tampouco debe esquecer a loita exemplar contra moitas destas actuación e, en particular, contra os vertidos radioactivos na Fosa Atlántica, o tránsito de mercadorías perigosas polas nosas costas e as reiteradas catástrofes ambientais que causou (*Urquiola, Cason, Mar Exeo, Prestige* ), ou a oposición activa á construción dunha central nuclear no norte de Lugo.

**«O pobo galego non debe esquecer a historia recente do último medio século de explotación de recursos autóctonos a través de industrias altamente impactantes»**

Son exemplos de loitas pioneiras e de suceso que non sempre sabemos recoñecer: moratoria e paralización dos vertidos radioactivos no Atlántico, éxito na loita contra a central nuclear e por unha Galiza como territorio desnuclearizado, redución á metade da capacidade da incineradora de lixo, abandono de sucesivos proxectos de novas celulosas, paralización de novos proxectos de minaría a ceo aberto. Pontevedra, Marín e toda Galiza sabemos isto, e por iso non desistimos na loita polo peche de Ence-Elnosa na ría de Pontevedra.

## Conclusión

Desde a súa fundación, a UPG tivo unha presenza decisiva en todos estes conflitos. Nacida para a defensa do pobo galego en todas as súas frontes, soubo ver desde o primeiro momento a magnitude dos procesos de colonización e espoliación dos recursos naturais e produtivos dos pobos dependentes e carentes de autoorganización, mesmo cando estes están na periferia do primeiro mundo, como é o caso da Galiza. Acertar no diagnóstico e pórse ao servizo das clases populares máis desfavorecidas permitiu á UPG e ao nacionalismo gañar introdución social e achegar organización e dirección política, elementos chave para o éxito de moitas destas loitas populares.

Hoxe estamos de volta dos procesos de globalización capitalista que só nos traen empobrecemento e dependencia, como individuos e como pobo. Sabemos que só hai futuro se somos capaces de nos autoorganizarmos e sermos donos dos nosos recursos para administralos no marco da máis estrita sustentabilidade. Velaí o que a UPG xa aprendeu nas primeiras loitas populares dos anos 70. ●



**MARÍA PILAR GARCÍA NEGRO**

Sociolingüista e Secretaria-Directora
da Fundación Bautista Álvarez

▸ Detalle da mobilización que decorreu o 16 de marzo de 1980 na Estrada so o lema «Non ao decreto de bilingüismo. Polo dereito irrenunciable ao uso do galego no ensino». Denunciando a represión das autoridades contra os docentes que daban as aulas no noso idioma.

# Uso consciente, sistemático e premeditado da lingua galega

**A guerra civil española, e o seu desenlace, desataron unha feroz represión contra os usos públicos da lingua galega que tan esperanzadoramente comezaran, da man do nacionalismo galego de pre-guerra. Este hiato brutal deixa de novo o galego recluído nunha oralidade tan masiva como devaluada e proscrita para calquer uso social con efeito multiplicador e de prestixio. A historia do galego escrito e do galego público e político hai que a rexistrar na outra beira do Atlántico, sobre de todo en vida de Castelao.**




© Xan Carballa

Non por casualidade, 20 anos despois de se publicar *Sempre en Galiza* (1944), en 1964, por tanto, nace a Unión do Povo Galego, directamente vinculada ao exemplo do gran patriota, artista e pensador galego. É ela responsábel da restauración de usos sociais e públicos da lingua galega, imprimindo a esta iniciativa un rotundo sentido práctico e socializador, non lle negando ao galego ámbito nengún de existencia e de eficacia social. Desconeñecían os pioneiros deste partido a maior parte da obra dun clarividente Ramón Vilar Ponte (falecido en 1953), fundador das Irmandades da Fala e que, en textos só exhumados moitos anos despois da súa morte, apontaba claramente a necesidade de realizar un uso consciente, sistemático e premeditado da lingua galega. Estes tres adxectivos acaen perfeitamente non só á intención e doutrina da Unión do Povo Galego, senón —o que é máis importante— á súa práctica efectiva.

Esta práctica —en coherencia co afirmado nos 10 pontos fundacionais do novo partido— contén algúns elementos absolutamente novos verbo de épocas anteriores. Xa non se trata de lle conferir ao galego prestixio cultural ou de corresponder en galego ao uso popular masivo, senón de iniciar unha campaña de **reintegración** no mesmo de todos os educados á forza no español e, ao tempo, de aclimatar, de implantar por vez primeira o galego en todos os ámbitos formais.

Tres foron os campos onde esta introdución resultou máis rechamante e rupturista: o obreiro, o do ensino (docentes e estudantes) e mais o do activismo e asociacionismo cultural. No período

**«É a UPG responsábel da restauración de usos sociais e públicos da lingua galega, imprimindo a esta iniciativa un rotundo sentido práctico e socializador»**

© Unión do Povo Galego







© Uxío Rei

Restaurar a toponimia fixo parte da ampla campaña convocada pola Frente Cultura da AN-PG en toda Galiza, en maio de 1979, reivindicando a oficialidade do idioma galego.

Díptico da exposición na Galería Toisón de Madrid en abril de 1967. Portada de Vicente Vázquez Diéguez e contraportada de Reimundo Patiño, quen, conxuntamente con Xavier Pousa e Bautista Álvarez organizaron a mostra. Co diñeiro da venda dos cadros a UPG compraría a súa primeira multicopista. No interior, a presentación redactada en galego por Basilio Losada, salienta a nosa tradición gráfica, —particularmente no gravado— e recóllese a ampla nómina de artistas que participaron na mostra. © Uxío Rei

▸ Pintando enriba deste molde fixéronse manualmente os carteis anunciadores deste concerto do Movemento Popular da Canción Galega en Lugo, estampando a posteriori os nomes dos autores e grupos participantes. Prohibido no último momento, o concerto fíxose igualmente nun concello limítrofe, informando boca a boca aos asistentes do novo emprazamento. Reprodución fotográfica de Xan Muras.

1964-1972, esta **vontade normalizadora** á forza se produciu na clandestinidade: panfletos, *pintadas* e algúns artigos en prensa benévola. Nos derradeiros anos da ditadura, aumenta un uso do galego vinculado sobre todo ás asembleas operarias (dominadas polo sindicalismo español), ás primeiras aulas impartidas en galego ou a un incremento da actividade cultural con vocación maioritaria. Non sen conflitos e tensións. Debidos non só á ferreña actuación política, xudicial e policial, senón á hexemonía (que a esquerda española tamén non discutía) do idioma oficial do Estado en todos os ámbitos de relevo, en todas as funcións *serias* que, por rotina e naturalidade da subordinación-ocultación do galego, naquel idioma se realizaban. A penetración do galego, pois, supuxo unha auténtica **ruptura** de normas sociais e políticas asentadas, e provocou a galeguización formal ou ritual da esquerda española operante na Galiza.

**«A penetración do galego, pois, supuxo unha auténtica ruptura de normas sociais e políticas asentadas, e provocou a galeguización formal ou ritual da esquerda española»**

Unha nova naturalidade estaba a nacer: a do uso xeral, unánime, incondicional da lingua galega: nas cidades, vilas e aldeas; con interlocutores desconeñecidos; en calquer meio ou suporte de comunicación; para calquer función; oralmente e por escrito; en todos os ámbitos da vida social. Este combate contra a **exclusión** do galego da vida pública e, por tanto, a prol da súa **normalización**, xustifica loxicamente o non á Constitución española (1978) e ao Estatuto de Autonomía (1980 dela derivado, ambos textos represores do uso pleno da lingua no territorio e na sociedade a que se debe. ●

© Baldomero Iglesias, *Mero*





**UXÍO-BREOGÁN DIÉGUEZ CEQUIEL**
Historiador

▶ Lois Diéguez intervindo na homenaxe a Reboiras no cemiterio de Imo, Dodro, o 12 de agosto de 1977. Un ramo de flores frescas, ofrecido pola UPG, sempre está presente ao pé da súa tumba todos os aniversarios.

# ‘Moncho’ Reboiras, o activista sen tregua (1950-1975)

**Xosé Ramón Reboiras Noia naceu o 19 de xaneiro do 1950 en Imo (Dodro) no seo dunha familia popular. Alá medrará a cabalo entre o agro e o mar. Estuda, como a maior parte dos nenos da zona, na escola unitaria de Imo. Eran os tempos en que o agromar, outravolta, do sentimento nacional da Galiza, aínda que na clandestinidade, estaba a se reorganizar após a queda que supuxo o golpe militar-reaccionario do 1936.**

En procura dunha mellor situación económica, e con tan só nove anos, Xosé Ramón Reboiras marcha cos pais, José e Generosa, e o seu irmán Manuel, un ano máis novo ca el, a Vigo cara a 1959. Os seus proxenitores botaron a andar o Bar Noia «viños e comidas. Café expres» no bairro popular de Teis.

Os irmáns Reboiras, que axudan a nai a levar o negocio familiar, confróntanse coa realidade do mundo fabril. A isto súmaselle o feito do pai ter que embarcar en petroleiros e mercantes noruegueses para mellorar a economía familiar, exercendo de *motorman* (maquinista de abordo). Compatibilizan o traballo no bar familiar cos seus estudos en diversas academias de Teis, para logo pasar ao Instituto Santa Irene de Vigo.

O contacto co xesuíta Xaime Seixas —fascinado pola figura do Che Guevara e a ‘Teoloxía da Liberación’—, así como co grupo *O Castro* de Vigo (e a Fundación Penzol), deron paso á participación activa na *Asociación Cultural de Vigo*, fundada no verán de 1965. Anos en que se gañou unha clara consciencia social e patriótica por parte dos irmáns Reboiras Noia.




© Xan Carballa

Xosé Ramón Reboiras foi estudante a seguir da Escola de Peritos Industriais de Vigo (antecedente da actual Escola de Enxeñería Industrial da Universidade de Vigo) onde, entre outros, tivo como profesor Xaime Illa Couto, militante de *Ultreya* e as *Mocedades Galeguistas* durante a II República, así como cofundador en 1950 do selo editorial *Galaxia*, para alén da referida Fundación Penzol. Neste centro fixo parte Reboiras Noia do último grupo que mantivo a contestaria publicación estudantil *Des...tornillo*, que cumpría a función de aguilloar nas consciencias dos seus compañeiros estudantes. Xosé Ramón e o seu irmán Manuel foron organizadores, como lembra este último, da «[...] última grande cabalgata de masas no final da ditadura franquista percorrendo as rúas principais de Vigo con contidos máis ou menos críticos e festeiros.»

**«A finais dos anos sesenta, Moncho Reboiras, con clara consciencia nacional e de clase, integrouse na Unión do Povo Galego xunto ao seu irmán Manuel»**

## Militancia partidaria e sindical

A finais dos anos sesenta, Moncho Reboiras, con clara consciencia nacional e de clase, integrouse na *Unión do Povo Galego* (UPG) xunto ao seu irmán Manuel, por volta do ano 1969, en pleno estado de excepción da férrea ditadura franquista. Coñecido ao pouco Xosé Ramón como 'Rianxo', 'Licho' ou 'Peliños', para alén de 'Moncho', seguiu a traballar no marco da Asociación Cultural de Vigo. Entregado ao proselitismo, procuraba sumar simpatizantes, primeiro, e militantes, despois, para o nacionalismo, integrándoos na UPG, articulada por 'células', grupos de tres ou cinco membros, chegado o caso, nese tempo de clandestinidade. O grao de activismo e carácter de Moncho Reboiras, e nun contexto

© Unión do Povo Galego






© Xan Casabella

Manuel Fernández, Xosé María Brañas e Xan López Álvarez 'Lito' fotografados no cárcere da Coruña. Serán postos en liberdade —xunto con Marisa Vázquez Barquero— tras a amnistía decretada en 1977. Detidos a raíz da onda represiva tras o asasinato de Reboiras en agosto de 1975, xunto con varias ducias de militantes nacionalistas, foron os últimos membros da UPG en saír das prisións franquistas.

Orixinal espresamente deseñado por Xan Casabella en 1975 no exilio, en Porto, para ser utilizado no cartaz dedicado a Moncho Reboiras. A imaxe do seu rostro converterase nunha icona. Reprodución fotográfica de Xan Muras.

en que non abundaba a militancia nacionalista, deu lugar a que asumise máis responsabilidades segundo o tempo pasaba.

En 1972 en Vigo e Ferrol desenvólvense importantes e numerosas mobilizacións obreiras, nas que o nacionalismo galego procurou participar sobranceiramente, nun tempo en que o comunismo español era hexemónico entre a clase obreira galega. Reboiras daquela traballaba, como bolseiro, na empresa Barreras. No mes de marzo, de Vigo pasou o 10 de marzo a ser Ferrol o epicentro obreiro naquela Galiza aínda dominada pola ditadura franquista, dada a represión que sufrirían, por mandado gobernamental, os traballadores do estaleiro Bazán. Estes foron mobilizados a favor dos seus dereitos laborais, sendo dispersados con fogo real en base ao que caerían sen vida os corpos dos obreiros Amador Rei Rodríguez, con impacto de bala no peito, e Daniel Niebla García, por un disparo na caluga, ambos de trinta e oito anos. A estes sumáronse múltiplos feridos, para alén de expedientados e multados.

**«A partir da súa militancia na UPG participou na posta en marcha e desenvolvemento naquela altura dos denominados 'xermes sindicais'»**

Tras estes duros acontecementos correspondeu a Xosé Ramón Reboiras a coordinación de contidos e liña editorial dun *dosier* informativo sobre o contexto de represión desenvolvido ao longo do mes de marzo. Unha crónica que veu a luz como 'Galiza, marzal, 1972. Un mes de represión', *Terra e Tempo* edición *especial,* editado en París. Nesta crónica e análise dos feitos observamos como a UPG imprime un novo ritmo ao combate fronte ao franquismo. Acreditábase, segundo este documento, na «[...] necesidade que o pobo ten de pasar a formas máis avanzadas de loita,




Cada 12 de agosto a Unión do Povo Galego homenaxea ao seu militante asasinado cunha concentración en Ferrol, diante do portal da rúa da Terra no que foi abatido.

chegando paulatinamente á loita armada», en canto que as clases populares diante da ditadura franquista precisaba dun «…destacamento armado que apoie cada un dos movementos e loitas de masas […]». E aquela necesidade fíxose realidade, diante do compromiso firme de Xosé Reboiras, xunto a outros compañeiros e compañeiras. Un destacamento que se centraba, como lembran algúns integrantes do mesmo, na 'expropiación de infraestrutura' encamiñada á propaganda e loita política nacionalista, e que serviu para que as 'masas' se sentisen «protexidas e respaldadas nas súas loitas».

Preocupado Moncho Reboiras, sobre todo, pola organización da clase obreira galega en chave galega, a partir da súa militancia na UPG participou na posta en marcha e desenvolvemento naquela altura dos denominados 'xermes sindicais'. Cara a xuño de 1973, redactou este activista, xunto a Manuel Lima, o *Borrador provisional pra discutir sobre das bases dunha organización dos traballadores asalariados a nivel sindical*. Iniciativas que deron lugar á *Fronte Obreira* naquela altura, dando paso, en maio de 1975, ao *Sindicato Obreiro Galego* (SOG).

Por outra banda, o traballo en que se achaba mergullado Moncho Reboiras tamén, ao pouco, derivou na denominada *Fronte Cultural*, apresentando e, en consecuencia, nacendo publicamente a *Asemblea Nacional-Popular Galega* (AN-PG), tamén en maio de 1975, ao igual que o propio SOG. En particular, Reboiras promoveu, segundo diversas fontes consultadas, diversas reunións e contactos con entidades que operaban no plano cultural no país, cun compromiso nidio coa normalización da lingua e cultura propia, así coa loita antifranquista.

## O final da vida

Traballador de diversas empresas como obreiro cualificado, caso de Intelsa, Isolux Naval, en Ferrol, e Barreras e Álvarez de Cabral en Vigo, procurou con outros camaradas no verán de 1975 organizar un grupo permanente de traballadores integrados na Fronte Obreira da UPG, atendendo ao que serían os inicios daquel SOG na cidade departamental.

En Ferrol, desde a tardiña do 11 de agosto daquel ano, comezaron Reboiras e os seus camaradas a sospeitar que a policía franquista debía estar a seguir o seu rastro. Detectaron de inicio movementos estraños na rúa onde estaba o inmóbel en que se achaban. Era a policía que estaba a cercar a vivenda en que estaban, situada na ferrolá Rúa da Terra. Axentes da Brigada Político Social (BPS), xunto a perto de 300 efectivos da Policía armada, cercaron o edificio onde estaban os tres militantes da UPG. O resultado foi que Reboiras, facilitando a saída dos outros dous militantes que o acompañaban, caeu asasinado o 12 de agosto de 1975 con varios impactos polas costas. Morreu, concretamente, desangrado dun tiro que lle atravesou o corazón e que entrara polas súas costas. Con tan só vinte e cinco anos segaron a vida a un exemplar militante nacionalista que loitaba por unha Galiza soberana e onde a xustiza social imperara, exemplo dun activismo sen tregua.



**ALFREDO SUÁREZ CANAL**
Matemático. Dirixente nacionalista

▸ Até o verán de 1978 a Unión do Povo Galego non será legalizada como partido, unha das últimas organizacións do Estado. Na imaxe acto de protesta no Praza do Toural de Compostela.

# A Transición

**Á morte de Franco, que se produce cando a UPG estaba aínda reestruturándose despois do golpe represivo do 75 e as súas consecuencias, estabelécese unha dialéctica basicamente entre dúas posicións:**

**Por un lado, os que defendían, con distintos matices, a reforma do réxime, deixando os seus aspectos básicos con poucas alteracións: estrutura territorial do Estado, modelo económico e social (economía de mercado), sucesión política (monarquía designada por Franco), e mesmo sen exixir practicamente ningún tipo de responsabilidades aos colaboradores significativos nos distintos ámbitos do réxime franquista, nin recoñecemento e reparación para as vítimas. Iso si, co recoñecemento formal de dereitos e liberdades democráticas.**




© X. A. Méndez

Por outro lado, os que defendiamos a **ruptura real co réxime**: no aspecto territorial, Estado plurinacional, e recoñecemento efectivo do dereito de autodeterminación das nacións que o conforman. Rexeitamento da sucesión monárquica imposta por Franco. Bases constitucionais para a participación da Galiza no que, na realidade, sería unha Confederación de repúblicas nacionais; no aspecto económico, economía social e control público dos principais sectores estratéxicos; no aspecto político, dereitos e liberdades democráticas individuais e colectivas. Reforma profunda da estrutura administrativa do Estado, no caso galego, por exemplo, coa desaparición das deputacións provinciais e dos gobernadores civís ou sucedáneos. Exixencia de responsabilidades aos cargos significativos do réxime anterior na administración, na xustiza, nos corpos e forzas de seguridade, no exército...

Consolidouse a ***Transición trampa*** tutelada por poderes que tiñan a súa raíz profunda no réxime franquista e a colaboración, con distintas intensidades, dunha parte importante da esquerda de ámbito estatal. As decisións máis importantes e os tempos como se foron aplicando poñen de manifesto que o deseño era unha transición que, nos aspectos fulcrais, non fose unha ruptura co réxime anterior:

—Unha ***Lei para a Reforma Política*** que nin sequera contemplaba a legalización das forzas políticas e eleccións a Cortes constituíntes, deixando practicamente todo, a respecto dos prazos e das decisións, en mans do goberno, para asegurar o control do proceso, e a non ruptura co réxime.

**«Consolidouse a Transición trampa tutelada por poderes que tiñan a súa raíz profunda no réxime franquista»**

A UPG, como todos os partidos progresistas naquela altura, pediu a abstención no fraudulento referendo da Lei para a Reforma Política que decorreu o 15 de decembro de 1976, aprobada previamente polas cortes franquistas.




© Unión do Povo Galego

—Proceso paulatino de legalización das forzas políticas que asegurase e garantise o ***bipartidismo turnista*** como eixo do sistema e tolerando unha presenza significativa estatal á esquerda do PSOE.

A alternativa que defendía a UPG e ANPG de nacionalismo galego rupturista, non puido concorrer legalizada ás primeiras eleccións.

—As primeiras eleccións do mes de xuño de 1977 non se formulan a Cortes constituíntes e estabelécese unha secuencia de procesos, constitución 'pactada' no 78, eleccións xerais e municipais no 79 con só un mes de diferenza, para así asegurar a súa superposición e potenciar a presenza do bipartidismo mesmo en territorios como Galiza onde algunha das súas patas practicamente non existía.

—Todo cristaliza nunha Constitución e os Estatutos que sacralizan unha ***Transición trampa.*** Recoñécense formalmente dereitos e liberdades democráticas, mais négase o dereito de autodeterminación das nacións que forman o Estado, pondo en evidencia o comportamento das forzas políticas da esquerda estatal que o tiñan no seu programa e pactan o ***'café para todos'*** como solución para tornalo inviábel.

—Vimos a altos cargos do franquismo, na xustiza, na administración, no exército, nos corpos e forzas represivas do réxime anterior, mesmo ministros, tendo papeis preponderantes no novo réxime, mesmo participando na redacción da súa Constitución.

## Os primeiros procesos electorais

A UPG e a ANPG afrontan os primeiros procesos electorais co obxectivo fundamental de consolidar a columna vertebral autoorganizativa a nível político da Galiza e a introdución social ampla dun proxecto que fixer da soberanía nacional o seu eixo central.

Nas primeiras eleccións xerais de 1977 e 1979, nas municipais de 1979, nos referendos da Constitución e do Estatuto (1980) e nas primeiras eleccións galegas (1981), fixéronse unha media de mais de 600 actos públicos por campaña. O obxectivo era chegar a todos recunchos do país e a todos os sectores sociais.

Até 1977 non serán postos en liberdade os últimos presos nacionalistas detidos na ditadura. Acción reivindicativa na rúa do Hórreo, diante da Estación de tren de Compostela.




© X. A. Méndez

Imaxe do IV Plenario Nacional da AN-PG na Coruña o 8 e o 9 de decembro de 1979.




© Xan Carballa

Concorreuse ás primeiras eleccións de 1977 a través de sinaturas, porque no proceso de ir consolidando unha transición pactada non se permitiu colocar todas as forzas políticas no mesmo punto de partida.

Nos referendos da Constitución e do Estatuto, o nacionalismo galego foi o único na Galiza que fixo actos públicos en practicamente todos os concellos do país e en moitos deles en varias parroquias.

As eleccións xerais e municipais de 1979, celebradas cun intervalo dun mes, afrontáronse conxuntamente para consolidar a implantación territorial do nacionalismo de tal maneira que moitos mitins das xerais tiñan o obxectivo de concluír en candidaturas para as municipais.

Ese enorme activismo que se estendía a toda a actividade social e que só se reflectía en parte nos resultados electorais era, en moitos casos, o elemento determinante da actividade política na Galiza, mesmo para condicionar proxectos en que non se participaba.

Nas eleccións municipais de 1979, o BN-PG conseguiu 258 concelleiros, cunha moi ampla presenza territorial, e nas provincias do interior cunha presenza nas Deputacións similar a do PSOE. Por exemplo, no Partido Xudicial de Ourense, o PSOE non acadou representación e o BN-PG si. É dicir, que aínda cunhas regras e prazos trucados para facilitar unha presenza do bipartidismo, houbo capacidade para consolidar un proxecto político que aspiraba a que Galiza fose suxeito político colectivo con plena soberanía.

**«Aínda cunhas regras e prazos trucados para facilitar unha presenza do bipartidismo, houbo capacidade para consolidar un proxecto político»**

A tutelaxe dos poderes do antigo réxime foi total e cando os ritmos e obxectivos non eran plenamente satisfactorios dábase un golpe de temón:

—Impúñase antidemocraticamente e con efectos retroactivos o xuramento ou promesa dos principios do novo réxime para poder exercer o cargo de deputado/a con plenos dereitos. Os tres deputados electos do Bloque-PSG nas eleccións de 1981 ao Parlamento da Galiza sufriron este atropelo.

—O intento de Golpe de Estado de Febreiro de 1981 foi outra volta de torca utilizado para instrumentalizar a consolidación da transición e mesmo o seu carácter pechado, en que o respecto ás cuestións territoriais se refería. A lectura sequera flexíbel nalgúns asuntos da Constitución non tiña cabida e aprobouse a LOAPA (Lei orgánica de harmonización do proceso autonómico) para impedilo.

—A aposta descarada para potenciar o bipartidismo estatal consumouse nas eleccións xerais de 1982. A ***Transición trampa*** nos seus elementos esenciais estaba rematada. ●



▸ Acción de protesta no Parlamento Galego dos deputados do BNG en 1995 a raíz do conflito desatado pola pesca do fletán e que derivou na abordaxe por parte do Canadá do barco galego *Estai*.

**FRANCISCO RODRÍGUEZ SÁNCHEZ**
Filólogo e ensaísta

# 15 anos, 1985-2000

**A partir de 1985, ábrese unha nova etapa para o nacionalismo galego. Dada a gravidade da situación, asúmese unha nova táctica para romper o asedio a que, baixo múltiplas formas represivas, estaba sometido. Era evidente a intención de destruílo por parte do Estado español. Este sabía que era unha das condicións necesarias para garantir o dominio sobre Galiza e manter o seus status de dependencia. Eran conscientes de que a negociación para a entrada do Estado español na entón CEE se fixera, en boa maneira, a conta de prexudicar os intereses económicos do pobo galego.**

Os problemas derivados desta integración para Galiza ían agudizar os provocados pola dependencia secular do Estado español: emigración, retroceso demográfico, ruína da agricultura, retroceso da pesca, roubo do aforro, dificultade para a industrialización e desindustrialización Nesta conxuntura, moitos tivemos, por vez primeira, a sensación de que podían acabar destruíndo a potencialidade do país e, en consecuencia, a posibilidade do nacionalismo galego desenvolverse de forma ascendente e necesaria, tanto na vida social como na capacidade electoral para acceder ás institucións dunha democracia restritiva, a cada paso máis lexitimada socialmente. Sobre todo se non eramos quen de superar a exclusión que, de forma tan antidemocrática, tiñan decidido coa nosa expulsión do Parlamento Galego por negarnos a xurar acatamento e fidelidade á Constitución española, aplicando por vez primeira en todo o Estado español unha norma regulamentaria con carácter retroactivo. Vímonos, pois, premidos entre a necesaria coherencia ideolóxica e a ameaza de marxinalidade segura, pois o corpo social nacionalista non consideraba




© Andrés Panaro

prioritario e preferente manter un pulso, por moi antidemocrática que fose a imposición do devandito xuramento, que consideraban imposíbel gañar. Notamos axiña que, nos actos de protesta convocados, a participación era exclusivamente orgánica, dos sectores máis militantes. Os sectores populares permanecían á marxe. Chegouse mesmo a abrir paso, de forma maioritaria, á tese de que non foramos expulsados, mais que foramos nós quen nos tiñamos ido, contra toda evidencia empírica. E comezouse a articular a historia académica a partir da ocultación ou da mentira. Nunca se di nela que a primeira aplicación desta exixencia se fixo na Galiza e de forma retroactiva, non en Catalunya, nin en Euskadi. Sempre se quere dar a idea de que os deputados do Bloque-PSG optaron libremente por írense do Parlamento Galego. Naturalmente, o papel dos medios de comunicación foi esencial para a consolidación desta mentira. De feito, faltando poucos meses para a celebración das eleccións autonómicas de 1985, perante o temor de o BNG saír fortalecido das urnas, articuláronse campañas de descrédito insólitas, participando nelas, dunha forma moi relevante e por vez primeira en relación coa política galega, o xornal *El País*. Lida hoxe a reportaxe que, con varias páxinas, dedicou un domingo, ao Bloque Nacionalista Galego e aos seus dirixentes, causa estupor e vergoña a falta de respecto polas persoas e as ideas que se queren combater, a mestura do prexuízo reaccionario cos estereotipos máis simplistas para consumo da progresía. Representa unha proba contundente de até onde pode chegar a inmoralidade dunha prensa que se pretendía democrática.

**«Un nacionalismo merecente de tal nome non podía aceptar que trécolas antidemocráticas o deixasen fóra das institucións»**

© Unión do Povo Galego




Mesa presidencial do V Congreso da UPG. Realizouse na Facultade de Económicas de Compostela o 22 e o 23 de marzo de 1986.

A UPG impulsou e defendeu a nova táctica dentro do BNG. Non significaba mudar os obxectivos políticos, nin a valoración sobre o réxime xurdido do pacto co franquismo. Porén, considerouse que a presenza institucional era obrigada para contar con lexitimidade e incidencia social. Asumiuse que, dado o nivel de consciencia colectiva do pobo galego, a confrontación cos deseños políticos do réxime non podía significar unha exclusión previa das súas institucións. Esta exclusión institucional comportaba a imposibilidade de acadar a mínima lexitimidade social fundamentada na representatividade electoral das urnas. Por outra parte, as limitacións e deficiencias das institucións do réxime, coa exclusión do nacionalismo, serían maiores para tratar os problemas da Galiza e defender os intereses do pobo galego. En concreto, o marco autonómico, exclusivamente en mans das forzas estatais, funcionaría só como unha xestión delegada aquí dos deseños do Estado. Por outra parte, era evidente o perigo que representaba, desde o punto de vista da incidencia social, deixar o campo libre para que fose ocupado por forzas autonomistas, que se titulaban tamén nacionalistas, como era o caso de Esquerda Galega. De feito, no plano electoral, non se cumpriron as profecías ou previsións que *El País* facía, alarmado, de o BNG poder sacar doce deputados. O que aconteceu foi que EG sacou 3 deputados (os que antes tiña o Bloque-PSG) e o Bloque Nacionalista Galego 1. Esta mudanza de papel parlamentar indicaba como fora evolucionado a percepción social nos tres últimos anos. Era un síntoma máis que contribuíu á constatación do dano que facía estar expulso do Parlamento. E o asedio e a censura desconsideradas e brutais ás que se nos someteu. A este respecto, foi toda unha provocación que tivemos que contestar de forma acaída a nosa exclusión do debate televisivo entre todas as forzas con representación parlamentar, dirixido por Balbín. Naturalmente, informouse da nosa reacción como dun acto de violencia, non como unha protesta contra a violación dos dereitos democráticos: o respecto polo pluralismo político e a liberdade de expresión.

Un nacionalismo merecente de tal nome non podía aceptar que trécolas antidemocráticas o deixasen fóra das institucións, sen a posibilidade de representar o pobo galego a través da participación

Mobilización convocada pola plataforma «Nunca Máis» nas rúas de Madrid o 23 de febreiro de 2003.




© Xurxo Lobato

nos procesos electorais, e mesmo aspirar lexitimamente a gobernar, malia as limitacións das institucións de goberno, autonómico ou local. Non por iso o nacionalismo tiña por que abandonar a súa posición estratéxica a favor do dereito de autodeterminación e da conquista da soberanía nacional, facéndose confesionalmente autonomista e entrando a formar parte dos panexiristas da Constitución española. A UPG sempre, dentro da fronte patriótica, mantivo esta posición, esencial para unha orientación axeitada mesmo da política a curto prazo. Tamén defendeu que non podíamos confundir Europa con Mercado Común e que o deseño da UE era oligárquico e desigual, un espazo de globalización rexional no que Galiza non tiña cabida como pobo con dereitos. Nunca promovemos un europeísmo cego, letal para o pobo galego. Mirado con perspectiva de hoxe toda esta etapa de quince anos (1985-2000), temos a sensación de que a nosa posición crítica fronte á CEE e logo a UE foi perdendo impulso e incidencia na sociedade. Mantivémonos máis proclives á crítica das súas consecuencias para o país que á defensa dunha alternativa clara de saída do mercado único e logo da moeda única. Deste xeito, para un sector do nacionalismo, o criticismo co deseño da UE foi un ritual que a nada obrigaba, nin sequera cando, pasando os anos, chegou o momento do referendo do denominado Tratado Constitucional, manter unha posición de voto negativa. Nesta cuestión, malia ser o BNG a forza política máis crítica coa bobaxe europeísta imperante, co deseño da UE, facer as únicas análises esclarecedoras sobre o seu carácter oligárquico e antidemocrático, ten pendente aínda unha definición clara e contundente sobre a necesidade de saírmos dese marco, para subsistir como pobo.

**«A UPG defendeu que non podíamos confundir Europa con Mercado Común e que o deseño da UE era oligárquico e desigual, un espazo de globalización rexional»**

Ademais da capacidade de mobilización social, había que demostrar que, no campo electoral e institucional, o futuro estaba na expresión dun nacionalismo que, como tal, debía ser antiimperialista e con afán de superación do marco constitucional e autonómico. Só avanzando nesta dirección poderíamos avanzar noutro obxectivo vital; a unidade de todas as forzas que se proclamaban nacionalistas. A UPG optou sempre pola xenerosidade e a exemplaridade para dar pasos nesta dirección. Desde 1985 até o 2000, favorecidos polo contexto e os resultados electorais sempre ascendentes (1985, 1 deputado autonómico; 1989, 5; 1993, 13; 1997, 17, 1996, 2 deputados no Congreso; 2000, 3 deputados no Congreso/1997, alcaldías e gobernos bipartitos en seis cidades da Galiza) foise tecendo unha unidade entre iguais á marxe do peso cuantitativo de cada quen dentro do BNG. Como aconteceu en relación coa UE, a unidade do nacionalismo logrouse máis polos efectos das derrotas electorais dos que non eran o BNG que pola convicción do marco autonómico non ser o adecuado para a nosa nación. De feito, o peso e a

Mesa presidencial do II Congreso da UPG en outubro de 1979 na Coruña baixo o lema «Pola soberanía nacional cara o socialismo. Avance na loita anti-imperialista».




© Unión do Povo Galego

proclividade a xestionar o existente tal e como está foi gañando adeptos na práctica de forma progresiva e, conforme os avances electorais, posibilitaban o acceso a gobernos municipais de vilas e grandes cidades e albiscábase un horizonte críbel de participación no Goberno autonómico. Foi na fase que discorre entre 1997 e 2001 que se xerou esta dinámica, até tal estremo que, de forma equívoca, se chegou a argumentar que o marco autonómico, ben usado, serviría para solucionar mesmo problemas estruturais do país. O mal non estaba nos límites da autonomía, no noso papel dentro do Estado e da UE; estaba na súa perversa utilización polo sucursalismo, polo españolismo. Sen dúbida había razóns e base no argumento, mais tamén conducía a unha acomodación de moi limitados e condicionados resultados. A participación no Goberno da Xunta, precisamente cando o retroceso electoral do BNG era xa claro, encargouse de que supurasen as deficiencias do marco e as limitacións propias, nalgúns casos.

Porén, retrocedamos no tempo. Precisamente, por un acordo PSOE-PP, o ex-ministro franquista, Fraga Iribarne, aceptou vir a Galiza para optar a ser Presidente da Xunta en vista do proceso convulsivo que, inevitabelmente, ía provocar a integración na UE. Ademais, había que manter Galiza á marxe de calquera exixencia ou reclamación de maior autogoberno. Cumpría anestesiar a reacción galega a través dunha figura importante representativa dos galegos á española, triunfante fóra, con maneiras de autoridade para dentro, un galego como ti. O pacto entre Felipe González e Fraga Iribarne era tan ferreño que se chegou mesmo a un amaño electoral na provincia de Ourense en 1989 para posibilitar a maioría absoluta de Fraga: eliminación dos resultados de dúas mesas, para o roubo dun deputado ao BNG, Alfredo Suárez Canal. Galiza tiña que ser domada, anestesiada e, para iso, unha cuestión fundamental era que o marco autonómico non fose utilizado como instrumento reivindicativo fronte ao Goberno de Madrid. Asemade, era vital que Galiza non formase parte de ningunha reivindicación nacionalista, en paralelo con Catalunya e Euskadi.

**«O pacto entre Felipe González e Fraga Iribarne era tan ferreño que se chegou mesmo a un amaño electoral na provincia de Ourense en 1989 para posibilitar a maioría absoluta de Fraga»**

Efectivamente, a nova táctica que impulsou a UPG deu os seus resultados: salvou o nacionalismo galego de caer nunha trampa que o conducía á irrelevancia social, mantendo, ao mesmo tempo, os principios e os obxectivos estratéxicos. Estamos agora noutra etapa, máis complexa e problemática. Seremos quen de facer operativos, no día a día, os nosos principios e obxectivos estratéxicos, confrontar a situación tendo en conta a experiencia do pasado, conscientes de que estamos nunha fase da globalización, do imperialismo, que exixe claridade nas apostas políticas e unha perspectiva que combine adecuadamente o curto prazo co medio e longo prazo?

© Xurxo Lobato



En xuño de 1989 ten lugar a detención do dirixente nacionalista Francisco Rodríguez acusado da suposta queima dunha bandeira española cinco anos antes, nun intento máis de desestabilizar o BNG. Rodríguez encabezara a candidatura do BNG ao Parlamento europeo nas eleccións do 15 de xuño.Tras unha grande campaña de solidariedade conséguese a súa liberación o 18 de xullo. Fotografía tomada desde o exterior da prisión o 4 de xullo de 1989.



▶ Intervención de Bautista Álvarez na asemblea de Riazor, A Coruña, o 25 e 26 de setembro de 1982. Nela fundaríase o BNG.

**NÉSTOR REGO CANDAMIL**

Secretario Xeral da Unión do Povo Galego

# Acumular forzas para a soberanía

**Ao longo da historia do nacionalismo contemporáneo, que arranca coa fundación da UPG en 1964, o empeño en agrupar esforzos para avanzar no obxectivo da soberanía e independencia nacional da Galiza foi unha constante. En consecuencia, a UPG impulsou cedo un proceso de acumulación de forzas tanto táctico como de carácter estratéxico que tiña como albo organizar o povo e levar o nacionalismo ao conxunto da clases populares galegas. Nese proceso, un marco relevante é a fundación da Asemblea Nacional-Popular Galega (AN-PG) en abril de 1975.**

Agora ben, o papel da AN-PG non foi concibido como táctico ou conxuntural. Moi ao contrario. A AN-PG tornouse axiña a primeira formulación da Frente Patriótica, entendida como a expresión organizada da alianza de clases necesaria para levar adiante o proceso de autodeterminación da Galiza. A UPG, como partido comunista patriótico, que se asume, por tanto, como partido do proletariado galego, parte de que, en contextos coloniais como o da Galiza, o conxunto das camadas populares, incluída a pequena burguesía, están obxectivamente interesadas na ruptura da dependencia e no exercicio da soberanía. Por tanto, con carácter estratéxico, a Frente Patriótica aparece como a mellor fórmula, non para un proxecto *'interclasista'* estéril, mais para a alianza das clases populares para a defensa dos intereses e obxectivos comúns, quer no social, quer no nacional.

A translación práctica desta formulación é o encadramento de persoas con criterios ideolóxicos diferentes nun proxecto común de defensa do País e de loita patriótica pola liberdade da Galiza. Isto permitiu unha rápida expansión do nacionalismo




© Xurxo Lobato

popular e da súa capacidade mobilizadora. No entanto, os esforzos por fortalecer a posición do nacionalismo non ficaron aí. A UPG impulsa tamén, con carácter táctico, a creación do Consello de Forzas Políticas Galegas (CFPG), constituído en xaneiro de 1976, como plataforma política que agrupe as forzas nacionalistas nun momento decisivo polo previsíbel final da ditadura e coordine os pasos para a ruptura democrática que a nación precisa: o exercicio do dereito de autodeterminación e a asunción da soberanía. Para iso, defínese un programa de bases do que debe ser a constitución dun Estado galego, as chamadas *Bases Constitucionais*, publicadas en abril dese mesmo ano e recollidas no coñecido como *Libro negro do Consello*.

Nun primeiro momento, o *Consello* é integrado pola UPG, o PSG e o PGSD, todas elas forzas galegas. A posterior incorporación do Partido Carlista de Galiza (PCAG) e do Movemento Comunista de Galiza (MCG), ramas galegas de forzas estatais, deu lugar a un forte debate sobre o carácter estratéxico do principio e da práctica da autoorganización do povo galego, sempre defendida pola UPG, que levaría o Consello a se disolver antes de finalizar ese ano. No entanto, o traballo realizado para a elaboración dunha alternativa de ruptura en chave galega non foi van. O Bloque Nacional-Popular Galego, xurdido a comezos de 1977 como alianza entre a AN-PG e a UPG asume como propio o programa do *Consello* e as *Bases Constitucionais* tornáronse alternativa esencial, a principal arma política e ideolóxica, con que o nacionalismo popular enfrontou o proceso autonómico. A palabra de orde *Estatuto nunca máis, Bases Constitucionais* tornouse, neses anos finais da década de 70, a expresión simbólica do confronto entre as forzas que defendían a solución dunha mera descentralización administrativa (todo o españolismo, desde AP ao PCE, e algunhas forzas galegas) e a alternativa da soberanía nacional que defendía o BN-PG.

Mesmo antes de que finalizase o proceso autonómico coa aprobación do Estatuto en decembro de 1980, o nacionalismo popular deu un novo paso cara á unidade de acción das forzas que se opuñan a el. Deste modo, en xuño de 1980 constitúese a

Cartel da convocatoria do ano 1977, coa AN-PG e a UPG aínda sen legalizar como partidos políticos.




*Mesa de Forzas Políticas Galegas* (MFPG), formada pola AN-PG, a UPG e por un PSG que tomaba aquí un rumo diferente das outras forzas coas que conformara Unidade Galega, o POG e o PG. As forzas asinantes convocaron conxuntamente o Día da Patria dese ano e a unidade mantívose tamén no plano electoral. Ás primeiras eleccións ao Parlamento da Galiza, en outubro de 1981, concorreron conxuntamente na coalición Bloque-PSG, que obtivo 3 escanos.

Con todo, o empeño por construír unha organización patriótica ampla e sólida, con capacidade de incidencia política e social no País, determina novos pasos no camiño dunha unidade asentada sobre o principio da autoorganización e a loita pola soberanía nacional. Nesa liña, a UPG e a AN-PG impulsan un proceso aberto de reformulación organizativa, que inclúe as forzas da MFPG, mais tamén numerosos colectivos locais e comarcais, que resulta na constitución do BNG como nova Frente Patriótica en setembro de 1982.

A creación do BNG supuxo un forte impulso político e organizativo para o nacionalismo e, sobre todo, para a súa capacidade de chegar á sociedade galega. No entanto, non tivo un efecto inmediato do punto de vista electoral. De facto, nas eleccións de 1985 obtivo só un deputado. Mais foi a firmeza que mantivo en defensa dos principios e do obxectivo da soberanía o que permitiu o asentamento dunha alternativa inequivocamente nacionalista e acabou por provocar o decantamento doutras opcións tamén para o campo do nacionalismo.

Así, en 1990 incorpórase ao BNG o Partido Nacionalista Galego (PNG), que xurdira 3 anos antes dunha escisión da autonomista Coalición Galega. En 1993 intégrase *Inzar*, organización resultante da fusión da LCR e o MCG após romperen estas organizacións os vínculos orgánicos coas súas matrices estatais. En 1994 foi Unidade Galega, partido herdeiro do PSG-EG, o que se incorporou á Frente Patriótica.

É así que o BNG foi medrando pola incorporación de moito povo ás súas filas e tamén porque foi capaz, nun proceso progresivo de acumulación de forzas que sempre partillou e impulsou a UPG, de integrar outras organizacións políticas sen nunca para iso sacrificar os principios, nin modular os postulados. Foi precisamente a coherencia neses postulados o que permitiu o esclarecemento político e ideolóxico de forzas que comezaran a súa andaina en posicións diferentes. Con independencia das vicisitudes políticas posteriores, o certo é que este proceso de unidade permitiu ao nacionalismo crecer e construír unha posición política determinante para o presente e para o futuro. O BNG continúa estando onde sempre estivo, na defensa da Galiza como nación e na loita pola autodeterminación e a soberanía como única solución real para o noso povo.

**«O BNG continúa estando onde sempre estivo, na defensa da Galiza como nación e na loita pola autodeterminación e a soberanía»**

Vivimos tempos de confusión, de debilidades ideolóxicas e mesmo de renuncia política de persoas e colectivos aos principios básicos do nacionalismo. Neste contexto de crise evidente do sistema político español, a UPG mantén a aposta por fortalecer o polo patriótico sobre a base da unidade. Iso si, unha unidade que se constrúa, como sempre foi feito, sobre o alicerce esencial da coherencia e da firmeza política soberanista. Nesa liña, é esclarecedora a resolución adoptada na Conferencia Nacional do Partido realizada en xaneiro de 2013 e que, polo seu interese, reproducimos:

> Para a UPG sempre foi obxectivo central a unidade do nacionalismo, na medida en que é a premisa básica para garantirmos a capacidade real de actuación política do povo galego como tal, a posibilidade de mellor defender os seus intereses e, loxicamente, a perspectiva de podermos exercer o dereito de autodeterminación. E hoxe mantemos este obxectivo como prioritario. Mais, no actual contexto, haberá que comezar por crearmos dinámicas políticas que favorezan ese proceso, sen precipitacións e sen perdermos a perspectiva de que a mellor expresión da unidade na pluralidade continúa sendo o BNG. Unha máis ampla unidade orgánica do nacionalismo no futuro só será posíbel se o BNG se revitaliza, se afortala como referente social e se perfecciona como organización plural e, por tanto, esa debe ser a nosa prioridade política.

Nesa mesma resolución, insístese en que calquera proceso de unidade nacionalista debe sustentarse, como sempre aconteceu desde a reorganización nos anos 60 do século pasado, sobre a base da autoorganización das clases populares galegas e a súa concretización a todos os niveis:

> Entendemos que o principio e a práctica da autoorganización teñen carácter básico e estratéxico —por tanto irrenunciábel— porque é o que garante forzas políticas, sindicais e sociais propias e plenamente soberanas para poder levar adiante o proceso de soberanía.

Na mesma liña se pronunciou o BNG na XIV Asemblea Nacional de marzo de 2013, apostando por manter relacións cordiais con todas as forzas políticas galegas, sen que iso implicase renunciar ao debate ideolóxico, ao contraste de estratexias e á defensa inequívoca da soberanía sob a fórmula dun Estado propio, a República da Galiza.

A lección que podemos tirar das dinámicas das décadas de 80 e 90 do século pasado é precisamente esta: os pilares do avance social dunha forza revolucionaria, que xoga contra a corrente, están na coherencia, no activismo e a combatividade, na capacidade organizativa e de iniciativa política, na persistencia e na firmeza a camiño da soberanía. Mais é, con certeza, o combate político e ideolóxico, sempre necesario, o que acabará por confirmar a corrección, para alén das modas do momento difundidas *urbi et orbe* polos medios do sistema, da liña política asumida polo nacionalismo desde a súa fundación, única garantía real de podermos ser o día de mañá persoas libres nun País libre. ●

# A Nación en pé galega

## 50 anos da fundación da Unión do Povo Galego

**Comisariado**
M.ª Antonia Pérez

**Coordinación e documentación**
Roberto Vilameá

**Deseño**
Pepe Barro

**Montaxe**
Navea

**Impresión dixital**
Ideño

**Edición das filmacións documentais**
Alberte Mera

**Realización vídeo**
Xoán Carlos Garrido

**Fotografía**
Delmi Álvarez
Fernando Bellas
Xan Carballa
Xosé Castro
Chus García
Xoán Carlos Garrido
Xurxo Lobato
Antonio Mascato
X. A. Méndez
Manuel Miranda
Xan Muras
Andrés Panaro
Xaquín Soliño
Carlos Varela

**Agradecementos institucionais**
Arquivo Histórico Provincial de Ourense
Confederación Intersindical Galega
Deputación de Lugo. Vicepresidencia primeira
Fundación A Nosa Terra
Fundación Manuel María
Fundación Moncho Reboiras-FESGA
Fundación Xavier Pousa
Museo do Pobo Galego
Museo Etnolóxico. Ribadavia
Parlamento de Galicia
Unión do Povo Galego
Universidade de Santiago de Compostela

**Agradecementos persoais**

Pilar Allegue
Xabier Alonso
Bautista Álvarez
Alberte Ansede
Carmela Arbones
Nemesio Barxa
Marisa Canto
Xan Casabella
Xan Carballa
Juan Casares Long
Lois Diéguez
Uxío Breogán Diéguez
Afonso Eiré
Natalia Escrig
Carme Fernández
María Pilar García Negro
María do Carme García Negro
Saleta Goi
Natalia Gómez
Adrián Gómez
Luís Gonçales, Foz
Xosé González Martínez
Xoán Guerreiro
Baldomero Iglesias, Mero
Margarida Ledo
Emilio López Pérez
Manuel Lourenzo
Baldo Martínez
Xaquín Méndez Anta
Xesús Méndez Rodríguez
Manuel Mera
Manuel Miranda
Xosé Moa
Ramón Muñiz de las Cuevas
Montserrat Nóvoa
Fernando Negueruela
Xosé Manuel Pavón
Ana Paz
Zara Pousa
X. Ramón Pousa Estévez
María Xosé Queizán
Manuel Reboiras
Uxío Rei
Francisco Rodríguez
Xesús Sanxoás
Xosé Carlos Solla
Manuel Soto Castiñeira
Xosé Ulloa
Bernardo Valdês
Iria Varela
Vicente Vázquez Diéguez
Manuel Vilar

Nace a UPG en 1964 cando non existen partidos nacionalistas galegos. É a primeira resposta organizativa despois do golpe de estado de 1936. O camiño que tivo que cubrir non foi doado. Os diversos campos que debeu atender e a falta de continuidade da actividade política do nacionalismo histórico levárona a promover alternativas a un tempo frentistas e partidarias. O primeiro esforzo da UPG consistiu en aplicar creativamente o marxismo á realidade política, socioeconómica e cultural dunha nación submetida a un dominio colonial.

# Prendeuse unha estrela na noite

Parte superior

1 Celso Emilio Ferreiro
2 María Xosé Queizán
3 Luís Soto
4 Luis Gonçales Blasco «Foz»
5 Bautista Álvarez
6 Xosé Antonio Arjona
7 Xosé Luís Méndez Ferrín
8 Reimundo Patiño
9 Manifesto «Acusamos», Maio de 1965 © Unión do Povo Galego
10 Fotografía do río Miño e do val de antes do asolagamento, 1968 © Museo Etnolóxico de Ribadavia
11 Manifesto «Embalses non, xustiza si», Outono de 1965 © Unión do Povo Galego

Parte inferior

12 Fotografía do antigo edificio do merendeiro na Ponte da Rocha, ao pé do río Sar, en Compostela, onde decorreu o acto fundacional da Unión do Povo Galego, o 25 de xullo de 1964 © Xan Muras
13 Adhesivo «Libertade pra Galicia», elaborado pola organización da UPG en Madrid, 1967 © Unión do Povo Galego
14 Poema «Vietnam Canto» de Uxio Novoneyra, Marzo de 1968 © Arquivo Histórico Provincial de Ourense
15 Fotografía de membros do Seminario de Cultura Galega en Madrid, mediados dos sesenta © Bautista Álvarez
16 Carné de socio do «Club de Amigos de la Unesco» de Xosé Fernández Oxea, Ben-Cho-Shey, Marzo de 1967
17 Fotografía de Xavier Pousa, Bautista Álvarez e Eduardo Blanco Amor, Tomiño, 1967 © Fundación Xavier Pousa
18 Portada do díptico da primeira mostra da Estampa Popular Galega organizada na taberna A Gaiola de Compostela, Maio de 1968 © Fundación Xavier Pousa
19 Portada da revista «Unión Galicia Viet-Nam», n.º 1, febreiro de 1968 © Museo do Pobo Galego
20 Acta n.º 61 do Consello de Galiza, Arxentina, 9 de setembro de 1968 © Parlamento de Galicia
21 Boxo-axuda editado pola organización da UPG en Venezuela, ca. 1968 © Unión do Povo Galego
22 Cartel «Non ao colonialismo Hespañol» editado pola organización da UPG en Venezuela, ca. 1968

A relación descritiva dos 281 documentos recollidos nas páxinas seguintes é da autoría de Roberto Vilameá Ponte.





